



PROGRAMACIÓN DAS MATERIAS DO DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

Curso 2021 – 2022

IES República Oriental do Uruguai

IUUPAC

Índice

1. Introducción e contextualización da programación.....	4
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	7
3. Física e Química de segundo da ESO.....	9
3.1. Estándares de aprendizaxe e competencias clave.....	9
3.2. Obxectivos.....	13
3.3. Contidos.....	14
3.4. Criterios de avaliación.....	16
3.5. Concrecións para cada estándar de aprendizaxe avaliable.....	18
4. Física e Química de terceiro da ESO.....	24
4.1. Estándares de aprendizaxe e competencias básicas.....	24
4.2. Obxectivos.....	28
4.3. Contidos.....	29
4.4. Criterios de avaliación.....	31
4.5. Concrecións para cada estándar de aprendizaxe avaliable.....	33
5. Física e Química de cuarto da ESO.....	42
5.1. Estándares de aprendizaxe e competencias clave.....	42
5.2. Obxectivos.....	49
5.3. Contidos.....	51
5.4. Criterios de avaliación.....	53
5.5. Concrecións para cada estándar de aprendizaxe avaliable.....	56
6. Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional de cuarto de ESO.....	66
6.1. Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e temporalización.....	66
6.2 Grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe.....	72
6.3. Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación.....	77
7. Física e Química de primeiro de Bacharelato.....	79
7.1. Estándares de aprendizaxe e competencias clave.....	79
7.2. Obxectivos da Física e Química de primeiro de bacharelato.....	86
7.3. Contidos.....	87
7.4. Criterios de avaliación.....	91
7.5. Concrecións para cada estándar de aprendizaxe avaliable.....	94
8. Química de segundo de bacharelato.....	105
8.1. Estándares de aprendizaxe e competencias clave.....	105
8.2. Obxectivos.....	110
8.3 Contidos.....	111
8.4 Criterios de avaliación.....	114
8.5. Concrecións para cada estándar de aprendizaxe avaliable.....	118
9. Física de segundo de bacharelato.....	126
9.1. Estándares de aprendizaxe e competencias clave.....	126
9.2. Obxectivos.....	133
9.3. Contidos.....	134
9.4. Criterios de avaliación.....	137
9.5. Concrecións para cada estándar de aprendizaxe avaliable.....	141
9. Temporalización.....	152
10. Concrecións metodolóxicas.....	153
11. Materiais e recursos didácticos.....	154
12. Criterios sobre a avaliación e cualificación do alumnado.....	155

13. Indicadores do logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	157
14. Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	157
15. Procedementos para acreditar os coñecementos previos.....	158
16. Avaliación inicial.....	158
17. Medidas de atención á diversidade.....	159
18. Elementos transversais.....	159
19. Actividades complementarias e extraescolares.....	160
20. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación.....	161
21. Bacharelato de excelencia (STEM).....	162
22. Profesorado do Departamento.....	162

1. Introducción e contextualización da programación

Ao departamento están adscritas as materias e os ámbitos seguintes: Física e Química de segundo, terceiro y cuarto da ESO, Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional (CAAP) de 4º de ESO, Física e Química de primeiro de bacharelato e a Química e a Física de 2º de bacharelato.

Debemos indicar o marco normativo ao que está suxeita esta programación.

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou en distintos aspectos a Lei Orgánica de Educación 2/2006 e foi desenvolvida na Comunidade autónoma de Galicia polo decreto 86/2015, do 25 de xuño que, xa para este curso 2017/16 aplícase na totalidade dos cursos nos que imparte docencia este departamento.

Debemos indicar que esta programación segue as directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, tomando tamén como referencia o Proxecto Educativo do Centro. Tratouse de darlle un aspecto o máis homoxéneo posible dentro das particularidades que presentan as distintas materias que se asignan ao departamento.

Unha das principais novidades que incorporaba a lei Lei Orgánica de Educación 2/2006 era o establecemento dunha nova definición de currículo, como o conxunto de obxectivos, competencias básicas, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas. Destacaba esta definición pola inclusión das denominadas competencias básicas, un concepto relativamente novidoso no sistema educativo español e na súa práctica educativa. Polo que se refería, globalmente, á concepción que se ten de obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación, as novidades eran as que produce, precisamente, a súa interrelación coas devanditas competencias, que van orientar o proceso de ensino-aprendizaxe. A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro define o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas.

O currículo estará integrado polos obxectivos de cada ensinanza e de etapa educativa; as competencias, ou capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, e para lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos; os contidos, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias clave; a metodoloxía didáctica, que abrangue tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos ou das docentes; os estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis e os criterios de avaliación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa.

En relación ao bacharelato esta etapa ha de cumprir diferentes finalidades educativas, que non son outras que as de proporcionarlles aos alumnos formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia, así como para acceder á educación superior (estudios

universitarios e de formación profesional de grao superior, entre outros). De acordo con estes obxectivos, o bacharelato organízase baixo os principios de unidade e diversidade, é dicir, dota ao alumno dunha formación intelectual xeral e dunha preparación específica na modalidade que estea cursando (a través das materias comúns, de modalidade e optativas), e nas que a labor orientadora é fundamental para lograr eses obxectivos. En consecuencia, a educación en coñecementos específicos das materias ten que incorporar tamén o ensino nos valores dunha sociedade democrática, libre, tolerante e plura. Unha das finalidades expresas do sistema educativo, tal e como se pon de manifesto nos obxectivos desta etapa educativa e nos específicos das materias. Neste sentido, o currículo de bacharelato ha de contribuír á formación dunha cidadanía do século XXI informada e crítica, e por iso debe incluír aspectos de formación cultural e científica. A materia de Física e Química, así como a Cultura Científica e en xeral todas as de carácter científico, deben destacar o seu carácter empírico e predominantemente experimental, á vez que a súa importancia como construción teórica e de modelos, tal e como poñen de manifesto os seus obxectivos curriculares. Ademais de ser unha etapa educativa terminal en si mesma, tamén ten un carácter propedéutico: o seu currículo debe incluír os diferentes tipos de contidos que permitan abordar con éxito os estudos posteriores, dado que a Física e a Química forman parte de moitos estudos universitarios de carácter científico e técnico e son necesarias para un amplo abano de ciclos formativos da Formación Profesional de grao superior, e para iso están os seus conceptos, leis, teorías e modelos máis importantes. Se a inclusión de contidos relativos a procedementos implica que os alumnos se familiaricen coas características do traballo científico e sexan capaces de aplicarlas á resolución de problemas e aos traballos prácticos, os relativos a actitudes supoñen o coñecemento das interaccións das ciencias físico-químicas coa técnica, a sociedade e o medio ambiente. No caso da materia de Ciencias Aplicadas Á Actividade Profesional, o obxectivo é ofrecerlle ao alumnado a oportunidade de aplicar en cuestións prácticas e cotiáns os coñecementos adquiridos previamente en cursos anteriores. Por outro lado, esta formación achegaralles unha base moi importante para abordaren en mellores condicións os estudos de formación profesional nas familias profesionais de carácter científico.

Estes aspectos tivéronse en conta á hora de organizar e secuenciar as unidades didácticas destas materias. A integración ordenada de todos os aspectos do currículo (entre os que incluímos as competencias básicas ou clave) é condición indispensable para a consecución tanto dos obxectivos da etapa coma dos específicos das materias e ámbitos. Deste modo todos os elementos do currículo forman unha unidade para o traballo na aula.

Esta programación ten a finalidade de servir como guía ou esquema para a práctica educativa, facendo referencia ao modo en que as distintas materias e ámbitos han de ser estruturadas, distribuídas, presentadas aos alumnos e avaliadas.

O obxectivo último da ciencia é comprender o mundo que nos rodea; en dito mundo, prodúcese unha cantidade innumerable de fenómenos moi diversos. Preguntarse o como e o por que destes

fenómenos é algo innato na mente humana e a partir do que se constrúe o coñecemento. A Física e a Química son ciencias experimentais que utilizan o método científico para dar unha visión razoable, lóxica e consistente do universo. O seu desenvolvemento debe contribuír ao alumno a desenvolver a análise e a valoración crítica do mundo que lle rodea, así como das posibilidades que ten de intervir nel a partir da súa comprensión. Ademais, é preciso considerar que se trata dunhas materias interdisciplinares e poden relacionarse con múltiples ramas do coñecemento. Aparte de atopar respostas ás cuestións que nos formula o mundo, o coñecemento científico é unha das claves fundamentais para entender da cultura contemporánea, influíndo decisivamente en temas de saúde, recursos enerxéticos e alimentos, do medio, do transporte ou a educación. Os medicamentos, a roupa, o combustible dos nosos coches, os alimentos que tomamos e que aumentaron a súa produción grazas a fertilizantes, herbicidas selectivos, insecticidas e funxicidas, así como multitude de aparellos eléctricos de uso común, son só exemplos da importancia que a Física e a Química así como as Ciencias da Natureza en xeral desempeñan na sociedade actual.

Débese indicar tamén que nas materias que se imparten en segundo de bacharelato (Química e Física) teñen que seguirse as indicacións da CIUG para preparar a Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU).

Debemos sinalar que esta programación non é un fin en sí mesma, senón un instrumento que permita mellorar a práctica docente no seu máis amplo término. Obviamente o seu desenvolvemento poderá sufrir variacións ao longo o curso. O alumnado será informado dos aspectos nos que dita variación puidera afectalo.

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

Podemos definir as competencias clave como “aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”. A Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro describe a relación entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación nas distintas etapas do sistema educativo. Establécense, por tanto, as seguintes competencias clave: comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE), conciencia e expresións culturais (CCEC).

Nos apartados 1 da programación de cada materia aparecen as táboas nas que se vinculan os estándares de aprendizaxe coas competencias clave.

Nas táboas que aparecen nos apartados 5 de cada materia que este curso imparte o departamento de Física e Química concrétese cada estándar de aprendizaxe avaliable con:

- 1) Temporalización: referida a avaliación que lle correspondería.
- 2) Os procedementos e instrumentos de avaliación: entendemos por procedementos de avaliación os métodos que utilizamos para recoller a información relacionada coa consecución de cada un dos estándares avaliáveis. Entendemos por instrumentos aqueles rexistros que empregamos para poder calificar ao alumnado.

Nas seguintes táboas se concretan os procedementos que seguiremos para cada un dos estándares avaliáveis nos diferentes cursos e materias. En xeral utilizaremos os seguintes tipos de procedementos: a observación (O), as probas específicas (P) e os informes realizados polo alumnado (I).

Para cada un dos procedementos de avaliación utilizaranse os seguintes instrumentos:

- a) Para a observación poderanse utilizar rexistros de observación por táboas (listas de control e escalas de observación) e rexistros de observación das distintas actividades do alumnado na clase e, de seren o caso, no laboratorio.
- b) Para as probas poderanse realizar probas de base semiestruturada ou estruturada.
- c) Para a análise das producións do alumnado utilizaremos o caderno de clase (no que incluíramos a resolución de exercicios e problemas, os esquemas, resúmenes e mapas conceptuais e os informes das prácticas de laboratorio) e os traballos de investigación.

3) Grao mínimo de consecución: os números que aparecen poderán interpretarse de diversos xeitos. Por unha parte serían un indicador do peso que se lle estaría dando a ese estándar nun exame. Noutros casos poderá indicar o grao de consecución do estándar: un 4 indicaría que o consegue totalmente, un grao 3 conséguo pero non totalmente, un grao 2 indicaría que o consegue con dificultade e un grao 1 que non o consegue; en relación a este segundo aspecto indicar que propoñemos algúns exemplos de rúbricas que nos axudarán para obter estes graos de consecución.

3. Física e Química de segundo da ESO

3.1. Estándares de aprendizaxe e competencias clave.

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos.	CAA CCL CMCCT
Rexistra observacións e datos de maneira organizada e rigorosa, e comunícaos oralmente e por escrito utilizando esquemas, gráficos e táboas.	CCL CMCCT
Relaciona a investigación científica con algunha aplicación tecnolóxica sinxela na vida cotiá.	CCEC CMCCT
Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades para expresar os resultados.	CMCCT
Realiza medicións prácticas de magnitudes Físicas da vida cotiá empregando o material e os instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.	CSIEE CMCCT
Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado.	CMCCT CCL
Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.	CMCCT
Selecciona e comprende de forma guiada información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.	CAA CCL CMCCT
Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e outros medios dixitais.	CAA CD CSC
Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.	CAA CCEC CCL CD CMCCT CSIEE
Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.	CAA CSC CSIEE
Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia, e utiliza estas últimas para a caracterización de substancias.	CMCCT
Relaciona propiedades dos materiais do contorno co uso que se fai deles.	CMCCT

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, realiza as medidas correspondentes e calcula a súa densidade.	CMCCT
Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache.	CMCCT
Explica as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos.	CMCCT
Describe os cambios de estado da materia e aplícaos á interpretación de fenómenos cotiáns.	CMCCT
Deduce a partir das gráficas de quecemento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición, e identifícaa utilizando as táboas de datos necesarias.	CMCCT
Xustifica o comportamento dos gases en situacións cotiás, en relación co modelo cinético-molecular.	CMCCT
Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases.	CAA CMCCT
Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especifica neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides.	CMCCT
Identifica o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de especial interese.	CMCCT
Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en gramos/litro.	CCL CMCCT
Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as compoñen, describe o material de laboratorio adecuado e leva a cabo o proceso.	CAA CMCCT CSIEE
Distingue entre cambios físicos e químicos en accións da vida cotiá en función de que haxa ou non formación de novas substancias.	CMCCT
Describe o procedemento de realización de experimentos sinxelos nos que se poña de manifesto a formación de novas substancias e recoñece que se trata de cambios químicos.	CCL CMCCT
Leva a cabo no laboratorio reaccións Químicas sinxelas.	CMCCT
Identifica os reactivos e os produtos de reaccións Químicas sinxelas interpretando a representación esquemática dunha reacción Química.	CMCCT
Clasifica algúns produtos de uso cotián en función da súa procedencia natural ou sintética.	CMCCT
Identifica e asocia produtos procedentes da industria Química coa súa contribución á mellora da calidade de vida das persoas.	CMCCT CSC

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Propón medidas e actitudes, a nivel individual e colectivo, para mitigar os problemas ambientais de importancia global.	CMCCT CSC CSIEE
En situacións da vida cotiá, identifica as forzas que interveñen e relaciónaaas cos seus correspondentes efectos na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.	CMCCT
Establece a relación entre o alongamento producido nun resorte e as forzas que produciron eses alongamentos, e describe o material para empregar e o procedemento para a súa comprobación experimental.	CMCCT
Establece a relación entre unha forza e o seu correspondente efecto na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.	CMCCT
Describe a utilidade do dinamómetro para medir a forza elástica e rexistra os resultados en táboas e representacións gráficas, expresando o resultado experimental en unidades do Sistema Internacional.	CMCCT
Determina, experimentalmente ou a través de aplicacións informáticas, a velocidade media dun corpo, interpretando o resultado.	CAA CD CMCCT
Realiza cálculos para resolver problemas cotiáns utilizando o concepto de velocidade media.	CMCCT
Deduce a velocidade media e instantánea a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.	CMCCT
Xustifica se un movemento é acelerado ou non a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.	CMCCT
Interpreta o funcionamento de máquinas mecánicas simples considerando a forza e a distancia ao eixe de xiro, e realiza cálculos sinxelos sobre o efecto multiplicador da forza producido por estas máquinas.	CMCCT
Analiza os efectos das forzas de rozamento e a súa influencia no movemento dos seres vivos e os vehículos.	CMCCT
Relaciona cualitativamente a forza de gravidade que existe entre dous corpos coas súas masas e a distancia que os separa.	CMCCT
Distingue entre masa e peso calculando o valor da aceleración da gravidade a partir da relación entre esas dúas magnitudes.	CMCCT
Recoñece que a forza de gravidade mantén os planetas xirando arredor do Sol, e á Lúa arredor do noso planeta, e xustifica o motivo polo que esta atracción non leva á colisión dos dous corpos.	CMCCT
Relaciona cuantitativamente a velocidade da luz co tempo que tarda en chegar á Terra desde obxectos celestes afastados e coa distancia á que se atopan eses obxectos, interpretando os valores obtidos.	CMCCT

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Realiza un informe, empregando as tecnoloxías da información e da comunicación, a partir de observacións ou da procura guiada de información sobre a forza gravitatoria e os fenómenos asociados a ela.	CCL CD CMCCT CSIEE
Argumenta que a enerxía pode transferirse, almacenarse ou disiparse, pero non crearse nin destruírse, utilizando exemplos.	CMCCT
Recoñece e define a enerxía como unha magnitude e exprésaa na unidade correspondente do Sistema Internacional.	CMCCT
Relaciona o concepto de enerxía coa capacidade de producir cambios, e identifica os tipos de enerxía que se poñen de manifesto en situacións cotiás, explicando as transformacións dunhas formas noutras.	CMCCT
Explica o concepto de temperatura en termos do modelo cinético-molecular, e diferencia entre temperatura, enerxía e calor.	CMCCT
Recoñece a existencia dunha escala absoluta de temperatura e relaciona as escalas celsius e kelvin.	CMCCT
Identifica os mecanismos de transferencia de enerxía recoñecéndooos en situacións cotiás e fenómenos atmosféricos, e xustifica a selección de materiais para edificios e no deseño de sistemas de quecemento.	CAA CMCCT CSC
Explica o fenómeno da dilatación a partir dalgunha das súas aplicacións como os termómetros de líquido, xuntas de dilatación en estruturas, etc.	CMCCT
Explica a escala celsius establecendo os puntos fixos dun termómetro baseado na dilatación dun líquido volátil.	CMCCT
Interpreta cualitativamente fenómenos cotiás e experiencias nos que se poña de manifesto o equilibrio térmico asociándoo coa igualación de temperaturas.	CMCCT
Recoñece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando con sentido crítico o seu impacto ambiental.	CCL CMCCT CSC

3.2. Obxectivos

- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal
- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación
- Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia
- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades
- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura
- Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación Física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora

3.3. Contidos

Unidade 1. A actividade científica.

- Método científico: etapas
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación
- Aplicacións da ciencia á vida cotiá e á sociedade
- Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades
- Traballo no laboratorio
- Procura e tratamento de información
- Proxecto de investigación

Unidade 2: A materia

- Propiedades da materia.
- Aplicacións dos materiais
- Estados de agregación.
- Cambios de estado. Modelo cinético – molecular
- Leis dos gases
- Substancias puras e mesturas
- Mesturas de especial interese: disolucións acuosas, aliaxes e coloides
- Métodos de separación de mesturas

Unidade 3. Os cambios:

- Cambios físicos e cambios químicos
- Reacción Química
- A Química na sociedade e o ambiente

Unidade 4: O movemento e as forzas

- Velocidade media
- Velocidade instantánea
- Aceleración
- Forzas: efectos
- Medida das forzas
- Máquinas simples
- O rozamento e os seus efectos
- Forza gravitatoria
- Estrutura do Universo. Velocidade da luz

Unidade 5: Enerxía

- Enerxía: unidades
- Tipos de enerxía
- Transformacións da enerxía

- Conservación da enerxía
- Enerxía térmica. Calor e temperatura
- Escalas de temperatura
- Efectos da enerxía térmica
- Uso racional da enerxía
- Fontes de enerxía

3.4. Criterios de avaliación

- Recoñecer e identificar as características do método científico
- Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade
- Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes
- Recoñecer os materiais e os instrumentos básicos presentes no laboratorio de física e de química, e coñecer e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección ambiental
- Extraer de forma guiada a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación
- Desenvolver pequenos traballos de investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC
- Recoñecer as propiedades xerais e as características específicas da materia, e relacionalas coa súa natureza e as súas aplicacións
- Xustificar as propiedades dos estados de agregación da materia e os seus cambios de estado, a través do modelo cinéticomolecualar
- Establecer as relacións entre as variables das que depende o estado dun gas a partir de representacións gráficas ou táboas de resultados obtidas en experiencias de laboratorio ou simulacións dixitais
- Identificar sistemas materiais como substancias puras ou mesturas, e valorar a importancia e as aplicacións de mesturas de especial interese
- Propor métodos de separación dos compoñentes dunha mestura e aplicarlos no laboratorio
- Distinguir entre cambios físicos e químicos mediante a realización de experiencias sinxelas que poñan de manifesto se se forman ou non novas substancias
- Caracterizar as reaccións químicas como cambios dunhas substancias noutras
- Recoñecer a importancia da química na obtención de novassubstancias e a súa importancia na mellora da calidade de vida das persoas
- Valorar a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no ambiente
- Recoñecer o papel das forzas como causa dos cambios no estado de movemento e das deformacións
- Establecer a velocidade dun corpo como a relación entre o espazo percorrido e o tempo investido en percorrelo.
- Diferenciar entre velocidade media e instantánea a partir de gráficas espazo/tempo e velocidade/tempo, e deducir o valor da aceleración utilizando estas últimas
- Valorar a utilidade das máquinas simples na transformación dun movemento noutro diferente, e a redución da forza aplicada necesaria
- Comprender o papel que xoga o rozamento na vida cotiá

- Considerar a forza gravitatoria como a responsable do peso dos corpos, dos movementos orbitais e dos niveis de agrupación no Universo, e analizar os factores dos que depende
- Identificar os niveis de agrupación entre corpos celestes, desde os cúmulos de galaxias aos sistemas planetarios, e analizar a orde de magnitude das distancias implicadas
- Recoñecer os fenómenos da natureza asociados á forza gravitatoria
- Recoñecer que a enerxía é a capacidade de producir transformacións ou cambios
- Identificar os tipos de enerxía postos de manifesto en fenómenos cotiáns e en experiencias sinxelas realizadas no laboratorio
- Relacionar os conceptos de enerxía, calor e temperatura en termos da teoría cinético-molecular, e describir os mecanismos polos que se transfire a enerxía térmica en situacións cotiás
- Interpretar os efectos da enerxía térmica sobre os corpos en situacións cotiás e en experiencias de laboratorio
- Valorar o papel da enerxía nas nosas vidas, identificar as fontes, comparar o seu impacto ambiental e recoñecer a importancia do aforro enerxético para un desenvolvemento sustentable

3.5. Concrecións para cada estándar de aprendizaxe avaliable

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (avaliación correspondente)	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao mínimo de consecución
Formula, de forma guiada, hipóteses para explicar fenómenos cotiáns, utilizando teorías e modelos científicos sinxelos.	1,2,3	P, O, I	2
Rexistra observacións e datos de maneira organizada e rigorosa, e comunícaos oralmente e por escrito utilizando esquemas, gráficos e táboas.	1,2,3	P, O, I	3
Relaciona a investigación científica con algunha aplicación tecnolóxica sinxela na vida cotiá.	1,2,3	P, O, I	2
Establece relacións entre magnitudes e unidades utilizando, preferentemente, o Sistema Internacional de Unidades para expresar os resultados.	1,2,3	P, O, I	3
Realiza medicións prácticas de magnitudes Físicas da vida cotiá empregando o material e os instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.	1,2,3	P, O, I	2
Recoñece e identifica os símbolos máis frecuentes utilizados na etiquetaxe de produtos químicos e instalacións, interpretando o seu significado.	1,2,3	P, O, I	2
Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.	1,2,3	P, O, I	3
Selecciona e comprende de forma guiada información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.	1,2,3	P, O, I	2
Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e outros medios dixitais.	1,2,3	P, O, I	2

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (avaliación correspondente)	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao mínimo de consecución
Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo, aplicando o método científico e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.	1,2,3	P, O, I	2
Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.	1,2,3	P, O, I	3
Distingue entre propiedades xerais e propiedades características da materia, e utiliza estas últimas para a caracterización de substancias.	1	P, O, I	2
Relaciona propiedades dos materiais do contorno co uso que se fai deles.	1	P, O, I	2
Describe a determinación experimental do volume e da masa dun sólido, realiza as medidas correspondentes e calcula a súa densidade.	1	P, O, I	3
Xustifica que unha substancia pode presentarse en distintos estados de agregación dependendo das condicións de presión e temperatura en que se ache.	1	P, O, I	3
Explica as propiedades dos gases, os líquidos e os sólidos.	1	P, O, I	3
Describe os cambios de estado da materia e aplícaos á interpretación de fenómenos cotiáns.	1	P, O, I	3
Deduce a partir das gráficas de quecemento dunha substancia os seus puntos de fusión e ebulición, e identifícaa utilizando as táboas de datos necesarias.	1	P, O, I	3
Xustifica o comportamento dos gases en situacións cotiáns, en relación co modelo cinético-molecular.	1	P, O, I	3
Interpreta gráficas, táboas de resultados e experiencias que relacionan a presión, o volume e a temperatura dun gas, utilizando o modelo cinético-molecular e as leis dos gases.	1	P, O, I	2

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (avaliación correspondente)	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao mínimo de consecución
Distingue e clasifica sistemas materiais de uso cotián en substancias puras e mesturas, e especifica neste último caso se se trata de mesturas homoxéneas, heteroxéneas ou coloides.	1	P, O, I	3
Identifica o disolvente e o soluto ao analizar a composición de mesturas homoxéneas de especial interese.	1	P, O, I	4
Realiza experiencias sinxelas de preparación de disolucións, describe o procedemento seguido e o material utilizado, determina a concentración e exprésaa en gramos/litro.	1	P, O, I	4
Deseña métodos de separación de mesturas segundo as propiedades características das substancias que as compoñen, describe o material de laboratorio adecuado e leva a cabo o proceso.	1	P, O, I	4
Distingue entre cambios físicos e químicos en accións da vida cotián en función de que haxa ou non formación de novas substancias.	2	P, O, I	4
Describe o procedemento de realización de experimentos sinxelos nos que se poña de manifesto a formación de novas substancias e recoñece que se trata de cambios químicos.	2	P, O, I	2
Leva a cabo no laboratorio reaccións Químicas sinxelas.	2	P, O, I	2
Identifica os reactivos e os produtos de reaccións Químicas sinxelas interpretando a representación esquemática dunha reacción Química.	2	P, O, I	4
Clasifica algúns produtos de uso cotián en función da súa procedencia natural ou sintética.	2	P, O, I	2
Identifica e asocia produtos procedentes da industria Química coa súa contribución á mellora da calidade de vida das persoas.	2	P, O, I	2

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (avaliación correspondente)	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao mínimo de consecución
Propón medidas e actitudes, a nivel individual e colectivo, para mitigar os problemas ambientais de importancia global.	2	P, O, I	3
En situacións da vida cotiá, identifica as forzas que interveñen e relaciónaaas cos seus correspondentes efectos na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.	2	P, O, I	2
Establece a relación entre o alongamento producido nun resorte e as forzas que produciron eses alongamentos, e describe o material para empregar e o procedemento para a súa comprobación experimental.	2	P, O, I	3
Establece a relación entre unha forza e o seu correspondente efecto na deformación ou na alteración do estado de movemento dun corpo.	2	P, O, I	4
Describe a utilidade do dinamómetro para medir a forza elástica e rexistra os resultados en táboas e representacións gráficas, expresando o resultado experimental en unidades do Sistema Internacional.	2	P, O, I	3
Determina, experimentalmente ou a través de aplicacións informáticas, a velocidade media dun corpo, interpretando o resultado.	2	P, O, I	2
Realiza cálculos para resolver problemas cotiáns utilizando o concepto de velocidade media.	2	P, O, I	3
Deduce a velocidade media e instantánea a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.	2	P, O, I	3
Xustifica se un movemento é acelerado ou non a partir das representacións gráficas do espazo e da velocidade en función do tempo.	2	P, O, I	3

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (avaliación correspondente)	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao mínimo de consecución
Interpreta o funcionamento de máquinas mecánicas simples considerando a forza e a distancia ao eixe de xiro, e realiza cálculos sinxelos sobre o efecto multiplicador da forza producido por estas máquinas.	2	P, O, I	3
Analiza os efectos das forzas de rozamento e a súa influencia no movemento dos seres vivos e os vehículos.	3	P, O, I	3
Relaciona cualitativamente a forza de gravidade que existe entre dous corpos coas súas masas e a distancia que os separa.	3	P, O, I	3
Distingue entre masa e peso calculando o valor da aceleración da gravidade a partir da relación entre esas dúas magnitudes.	3	P, O, I	4
Recoñece que a forza de gravidade mantén os planetas xirando arredor do Sol, e á Lúa arredor do noso planeta, e xustifica o motivo polo que esta atracción non leva á colisión dos dous corpos.	3	P, O, I	3
Relaciona quantitativamente a velocidade da luz co tempo que tarda en chegar á Terra desde obxectos celestes afastados e coa distancia á que se atopan eses obxectos, interpretando os valores obtidos.	3	P, O, I	3
Realiza un informe, empregando as tecnoloxías da información e da comunicación, a partir de observacións ou da procura guiada de información sobre a forza gravitatoria e os fenómenos asociados a ela.	3	P, O, I	2
Argumenta que a enerxía pode transferirse, almacenarse ou disiparse, pero non crearse nin destruírse, utilizando exemplos.	3	P, O, I	3
Recoñece e define a enerxía como unha magnitude e exprésaa na unidade correspondente do Sistema Internacional.	3	P, O, I	3

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (avaliación correspondente)	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao mínimo de consecución
Relaciona o concepto de enerxía coa capacidade de producir cambios, e identifica os tipos de enerxía que se poñen de manifesto en situacións cotiás, explicando as transformacións dunhas formas noutras.	3	P, O, I	3
Explica o concepto de temperatura en termos do modelo cinético-molecular, e diferencia entre temperatura, enerxía e calor.	3	P, O, I	2
Recoñece a existencia dunha escala absoluta de temperatura e relaciona as escalas celsius e kelvin.	3	P, O, I	3
Identifica os mecanismos de transferencia de enerxía recoñecéndoo en situacións cotiás e fenómenos atmosféricos, e xustifica a selección de materiais para edificios e no deseño de sistemas de quecemento.	3	P, O, I	2
Explica o fenómeno da dilatación a partir dalgunha das súas aplicacións como os termómetros de líquido, xuntas de dilatación en estruturas, etc.	3	P, O, I	3
Explica a escala celsius establecendo os puntos fixos dun termómetro baseado na dilatación dun líquido volátil.	3	P, O, I	2
Interpreta cualitativamente fenómenos cotiás e experiencias nos que se poña de manifesto o equilibrio térmico asociándoo coa igualación de temperaturas.	3	P, O, I	3
Recoñece, describe e compara as fontes renovables e non renovables de enerxía, analizando con sentido crítico o seu impacto ambiental.	3	P, O, I	3

4. Física e Química de terceiro da ESO

4.1. Estándares de aprendizaxe e competencias básicas

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Formula hipóteses para explicar fenómenos cotiáns utilizando teorías e modelos científicos.	CAA CMCCT
Rexistra observacións, datos e resultados de maneira organizada e rigorosa, e comunica oralmente e por escrito, utilizando esquemas, gráficos, táboas e expresións matemáticas.	CCL CMCCT
Relaciona a investigación científica coas aplicacións tecnolóxicas na vida cotiá.	CAA CCEC CMCCT
Establece relacións entre magnitudes e unidades, utilizando preferentemente o Sistema Internacional de Unidades e a notación científica para expresar os resultados correctamente.	CMCCT
Realiza medicións prácticas de magnitudes Físicas da vida cotiá empregando o material e instrumentos apropiados, e expresa os resultados correctamente no Sistema Internacional de Unidades.	CAA CMCCT
Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.	CMCCT
Selecciona, comprende e interpreta información salientable nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.	CAA CCL CMCCT
Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais.	CD CSC
Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo aplicando o método científico, e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.	CAA CCL CD CMCCT CSIEE
Participa, valora, xestiona e respecta o traballo individual e en equipo.	CSIEE CSC
Representa o átomo, a partir do número atómico e o número másico, utilizando o modelo planetario.	CCEC CMCCT
Describe as características das partículas subatómicas básicas e a súa localización no átomo.	CMCCT
Relaciona a notación co número atómico e o número másico, determinando o número de cada tipo de partículas subatómicas básicas.	CMCCT

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Explica en que consiste un isótopo e comenta aplicacións dos isótopos radioactivos, a problemática dos residuos orixinados e as solucións para a súa xestión.	CMCCT CSC
Xustifica a actual ordenación dos elementos en grupos e períodos na táboa periódica.	CMCCT
Relaciona as principais propiedades de metais, non metais e gases nobres coa súa posición na táboa periódica e coa súa tendencia a formar ións, tomando como referencia o gas nobre máis próximo.	CMCCT
Explica o proceso de formación dun ión a partir do átomo correspondente, utilizando a notación adecuada para a súa representación.	CMCCT
Explica como algúns átomos tenden a agruparse para formar moléculas interpretando este feito en substancias de uso frecuente, e calcula as súas masas moleculares.	CMCCT
Recoñece os átomos e as moléculas que compoñen substancias de uso frecuente, e clasifícaaas en elementos ou compostos, baseándose na súa fórmula Química.	CMCCT
Presenta, utilizando as TIC, as propiedades e aplicacións dalgún elemento ou composto químico de especial interese a partir dunha procura guiada de información bibliográfica e dixital.	CAA CCL CD CMCCT CSIEE
Utiliza a linguaxe Química para nomear e formular compostos binarios seguindo as normas IUPAC.	CCL CMCCT
Representa e interpreta unha reacción Química a partir da teoría atómico-molecular e a teoría de colisións.	CMCCT
Recoñece os reactivos e os produtos a partir da representación de reaccións Químicas sinxelas, e comproba experimentalmente que se cumpre a lei de conservación da masa.	CMCCT
Realiza os cálculos estequiométricos necesarios para a verificación da lei de conservación da masa en reaccións Químicas sinxelas.	CMCCT
Propón o desenvolvemento dun experimento sinxelo que permita comprobar o efecto da concentración dos reactivos na velocidade de formación dos produtos dunha reacción Química, e xustifica este efecto en termos da teoría de colisións.	CMCCT
Interpreta situacións cotiás en que a temperatura inflúa significativamente na velocidade da reacción.	CMCCT
Describe o impacto ambiental do dióxido de carbono, os óxidos de xofre, os óxidos de nitróxeno e os CFC e outros gases de efecto invernadoiro, en relación cos problemas ambientais de ámbito global.	CMCCT CSC

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Defende razoadamente a influencia que o desenvolvemento da industria Química tivo no progreso da sociedade, a partir de fontes científicas de distinta procedencia.	CMCCT CSC
Explica a relación entre as cargas eléctricas e a constitución da materia, e asocia a carga eléctrica dos corpos cun exceso ou defecto de electróns.	CMCCT
Relaciona cualitativamente a forza eléctrica que existe entre dous corpos coa súa carga e a distancia que os separa, e establece analoxías e diferenzas entre as forzas gravitatoria e eléctrica.	CCEC CMCCT
Xustifica razoadamente situacións cotiás nas que se poñan de manifesto fenómenos relacionados coa electricidade estática.	CMCCT
Recoñece fenómenos magnéticos identificando o imán como fonte natural do magnetismo, e describe a súa acción sobre distintos tipos de substancias magnéticas.	CMCCT
Constrúe un compás elemental para localizar o norte empregando o campo magnético terrestre, e describe o procedemento seguido para facelo.	CMCCT CSIEE
Comproba e establece a relación entre o paso de corrente eléctrica e o magnetismo, construindo un electroimán.	CMCCT
Reproduce os experimentos de Oersted e de Faraday no laboratorio ou mediante simuladores virtuais, deducindo que a electricidade e o magnetismo son dúas manifestacións dun mesmo fenómeno.	CD CMCCT
Realiza un informe, empregando as TIC, a partir de observacións ou busca guiada de información que relacione as forzas que aparecen na natureza e os fenómenos asociados a elas.	CCL CD CMCCT CSIEE
Compara as principais fontes de enerxía de consumo humano a partir da distribución xeográfica dos seus recursos e os efectos ambientais.	CMCCT CSC
Analiza o predominio das fontes de enerxía convencionais fronte ás alternativas, e argumenta os motivos polos que estas últimas aínda non están suficientemente explotadas.	CCL CMCCT
Interpreta datos comparativos sobre a evolución do consumo de enerxía mundial, e propón medidas que poidan contribuír ao aforro individual e colectivo.	CMCCT CSIEE
Explica a corrente eléctrica como cargas en movemento a través dun condutor.	CMCCT
Comprende o significado das magnitudes eléctricas de intensidade de corrente, diferenza de potencial e resistencia, e relacións entre si empregando a lei de Ohm.	CMCCT
Distingue entre condutores e illantes, e recoñece os principais materiais usados como tales.	CMCCT

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Describe o fundamento dunha máquina eléctrica na que a electricidade se transforma en movemento, luz, son, calor, etc., mediante exemplos da vida cotiá, e identifica os seus elementos principais.	CMCCT
Constrúe circuitos eléctricos con diferentes tipos de conexións entre os seus elementos, deducindo de forma experimental as consecuencias da conexión de xeradores e receptores en serie ou en paralelo.	CAA CMCCT
Aplica a lei de Ohm a circuitos sinxelos para calcular unha das magnitudes involucradas a partir das outras dúas, e expresa o resultado en unidades do Sistema Internacional.	CMCCT
Utiliza aplicacións virtuais interactivas para simular circuitos e medir as magnitudes eléctricas.	CD CMCCT
Asocia os elementos principais que forman a instalación eléctrica típica dunha vivenda cos compoñentes básicos dun circuito eléctrico.	CMCCT
Comprende o significado dos símbolos e das abreviaturas que aparecen nas etiquetas de dispositivos eléctricos.	CMCCT
Identifica e representa os compoñentes máis habituais nun circuito eléctrico (condutores, xeradores, receptores e elementos de control) e describe a súa correspondente función.	CMCCT
Recoñece os compoñentes electrónicos básicos e describe as súas aplicacións prácticas e a repercusión da miniaturización do microchip no tamaño e no prezo dos dispositivos.	CMCCT
Describe o proceso polo que distintas fontes de enerxía se transforman en enerxía eléctrica nas centrais eléctricas, así como os métodos de transporte e almacenaxe desta.	CMCCT

4.2. Obxectivos

- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal
- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación
- Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia
- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades
- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura
- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo
- Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais

4.3. Contidos

Unidade 1. O método científico. A medida.

- Concepto de ciencia
- Como se desenvolve a investigación? O método científico. Etapas do método científico
- Magnitudes Físicas. Sistema Internacional de unidades
- Os instrumentos de medida e as súas características. Expresión de datos experimentais. Cifras significativas
- Carácter aproximado da medida. Erros
- Operacións con medidas experimentais. Notación científica
- Traballo no laboratorio. Seguridade. Reciclado de residuos
- Traballo de investigación utilizando as TIC

Unidade 2. O átomo.

- O modelo atómico de Dalton
- Os modelos de Thomson e Rutherford
- Número atómico e másico. Masa atómica
- Isótopos e as súas aplicacións
- A codia atómica. Modelo de Bohr

Unidade 3. Elementos e compostos.

- Os elementos e o sistema periódico. Diferencias entre elementos e compostos
- Formacións de ions monoatómicos
- Como e por que se enlazan os átomos
- Formulación e nomenclatura Químicas de compostos binarios
- A masa molecular
Determina a concentración dun ácido ou unha base valorándoa con outra de concentración coñecida, establecendo o punto de equivalencia da neutralización mediante o emprego de indicadores ácido-base (faino no laboratorio no caso de ácidos e bases fortes).	CMCCT
Recoñece a acción dalgúns produtos de uso cotián como consecuencia do seu comportamento químico ácido-base.	CMCCT
Define oxidación e redución en relación coa variación do número de oxidación dun átomo en substancias oxidantes e redutoras.	CMCCT
Identifica reaccións de oxidación-redución empregando o método do ión-electrón para axustalas.	CMCCT
Relaciona a espontaneidade dun proceso redox coa variación de enerxía de Gibbs, considerando o valor da forza electromotriz obtida.	CMCCT
Deseña unha pila coñecendo os potenciais estándar de redución, utilizándoos para calcular o potencial xerado formulando as semirreaccións redox correspondentes, e constrúe unha pila Daniell.	CMCCT
Analiza un proceso de oxidación-redución coa xeración de corrente eléctrica representando unha célula galvánica.	CMCCT
Describe o procedemento para realizar unha volumetría redox, realizando os cálculos estequiométricos correspondentes.	CMCCT
Aplica as leis de Faraday a un proceso electrolítico determinando a cantidade de materia depositada nun eléctrodo ou o tempo que tarda en facelo, e compróbo experimentalmente nalgún proceso dado.	CMCCT
Representa os procesos que teñen lugar nunha pila de combustible, escribindo as semirreaccións redox e indicando as vantaxes e os inconvenientes do uso destas pilas fronte ás convencionais.	CMCCT CSC
Xustifica as vantaxes da anodización e a galvanoplastia na protección de obxectos metálicos.	CMCCT
Relaciona a forma de hibridación do átomo de carbono co tipo de enlace en diferentes compostos representando graficamente moléculas orgánicas sinxelas.	CMCCT
Diferencia, nomea e formula hidrocarburos e compostos orgánicos que	CMCCT

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
posúen varios grupos funcionais.	
Distingue os tipos de isomería representando, formulando e nomeando os posibles isómeros, dada unha fórmula molecular.	CMCCT
Identifica e explica os principais tipos de reaccións orgánicas (substitución, adición, eliminación, condensación e redox), predicindo os produtos, se é necesario.	CMCCT
Desenvolve a secuencia de reaccións necesarias para obter un composto orgánico determinado a partir de outro con distinto grupo funcional, aplicando a regra de Markovnikov ou de Saytzeff para a formación de distintos isómeros.	CMCCT
Relaciona os grupos funcionais e as estruturas principais con compostos sinxelos de interese biolóxico.	CMCCT CSC
Recoñece macromoléculas de orixe natural e sintética.	CMCCT
A partir dun monómero, diseña o polímero correspondente e explica o proceso que tivo lugar.	CMCCT
Utiliza as reaccións de polimerización para a obtención de compostos de interese industrial como polietileno, PVC, poliestireno, caucho, poliamidas e poliésteres, poliuretanos e baquelita.	CMCCT
Identifica substancias e derivados orgánicos que se utilizan como principios activos de medicamentos, cosméticos e biomateriais, e valora a repercusión na calidade de vida.	CMCCT CSC
Describe as principais aplicacións dos materiais polímeros de alto interese tecnolóxico e biolóxico (adhesivos e revestimentos, resinas, tecidos, pinturas, próteses, lentes, etc.), en relación coas vantaxes e as desvantaxes do seu uso segundo as propiedades que o caracterizan.	CMCCT CSC
Recoñece as utilidades que os compostos orgánicos teñen en sectores como a alimentación, a agricultura, a biomedicina, a enxeñaría de materiais e a enerxía, fronte ás posibles desvantaxes que leva consigo o seu desenvolvemento.	CCEC CMCCT CSC

8.2. Obxectivos

- Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

8.3 Contidos

Unidade 1. A actividade científica.

- Utilización de estratexias básicas da actividade científica
- Importancia da investigación científica na industria e na empresa
- Prevención de riscos no laboratorio
- Investigación científica: documentación, elaboración de informes, comunicación e difusión de resultados

Unidade 2. Orixe e evolución dos componentes do Universo.

- Estrutura da materia. Hipótese de Planck
- Modelo atómico de Bohr
- Orbitais atómicos. Números cuánticos e a súa interpretación
- Mecánica cuántica: hipótese de De Broglie, principio de indeterminación de Heisenberg
- Partículas subatómicas: orixe do Universo
- Clasificación dos elementos segundo a súa estrutura electrónica: sistema periódico
- Propiedades dos elementos segundo a súa posición no sistema periódico: enerxía de ionización, afinidade electrónica, electronegatividade e raio atómico
- Enlace químico
- Enlace iónico
- Propiedades das substancias con enlace iónico
- Enlace covalente.
- Xeometría e polaridade das moléculas
- Teoría do enlace de valencia (TEV) e hibridación
- Teoría de repulsión de pares electrónicos da capa de valencia (TRPECV).
- Propiedades das substancias con enlace covalente.
- Enlaces presentes en substancias de interese biolóxico
- Enlace metálico.
- Propiedades dos metais.
- Aplicacións de supercondutores e semicondutores.
- Propiedades dos metais
- Modelo do gas electrónico e teoría de bandas
- Natureza das forzas intermoleculares

Unidade 3. Reaccións Químicas.

- Concepto de velocidade de reacción
- Teoría de colisións e do estado de transición.
- Factores que inflúen na velocidade das reaccións Químicas.
- Utilización de catalizadores en procesos industriais
- Mecanismos de reacción
- Equilibrio químico. Lei de acción de masas.
- Constante de equilibrio: formas de expresala.
- Equilibrios con gases
- Equilibrios heteroxéneos: reaccións de precipitación
- Factores que afectan o estado de equilibrio: principio de Le Chatelier
- Factores que inflúen na velocidade das reaccións Químicas
- Utilización de catalizadores en procesos industriais
- Aplicacións e importancia do equilibrio químico en procesos industriais e en situacións da vida cotiá
- Equilibrios heteroxéneos: reaccións de precipitación
- Concepto de ácido-base.
- Teoría de Brönsted-Lowry
- Forza relativa dos ácidos e bases; grao de ionización
- Equilibrio iónico da auga.
- Concepto de pH. Importancia do pH a nivel biolóxico
- Estudo cualitativo das disolucións reguladoras de pH.
- Equilibrio ácido-base
- Volumetrías de neutralización ácido-base.
- Estudo cualitativo da hidrólise de sales.
- Volumetrías de neutralización ácido-base.
- Ácidos e bases relevantes a nivel industrial e de consumo. Problemas ambientais.
- Equilibrio redox
- Concepto de oxidaciónredución
- Oxidantes e redutores
- Número de oxidación
- Axuste redox polo método do ión-electrón. Estequiometría das reaccións redox
- Potencial de redución estándar
- Volumetrías redox
- Leis de Faraday da electrólise
- Aplicacións e repercusións das reaccións de oxidación redución: baterías eléctricas, pilas de

combustible e prevención da corrosión de metais

Unidade 4. Síntese orgánica e novos materiais.

- Estudo de funcións orgánicas
- Nomenclatura e formulación orgánica segundo as normas da IUPAC
- Funcións orgánicas de interese: osixenadas e nitroxenadas, derivados haloxenados, tiois e perácidos. Compostos orgánicos polifuncionais
- Tipos de isomería
- Tipos de reaccións orgánicas
- Importancia da Química do carbono no desenvolvemento da sociedade do benestar
- Principais compostos orgánicos de interese biolóxico e industrial: materiais polímeros e medicamentos
- Macromoléculas
- Polímeros
- Reaccións de polimerización
- Polímeros de orixe natural e sintética: propiedades
- Fabricación de materiais plásticos e as súas transformacións: impacto ambiental
- Importancia da química do carbono no desenvolvemento da sociedade do benestar

NOTA. A materia ao ser troncal é unha das materias das que o alumnado se examina nas ABAU, por isto nos guiamos polas indicacións da CIUGA con respecto aos contidos mínimos a desenvolver, seguindo as [orientacións xerais do grupo de traballo](#).

8.4 Criterios de avaliación

- Realizar interpretacións, predicións e representación de fenómenos químicos a partir dos datos dunha investigación científica, e obter conclusións.
- Aplicar a prevención de riscos no laboratorio de química e coñecer a importancia dos fenómenos químicos e as súas aplicacións aos individuos e á sociedade.
- Empregar axeitadamente as tecnoloxías da información e da comunicación para a procura de información, o manexo de aplicación de simulación de probas de laboratorio, a obtención de datos e a elaboración de informes.
- Diseñar, elaborar, comunicar e defender informes de carácter científico, realizando unha investigación baseada na práctica experimental.
- Analizar cronoloxicamente os modelos atómicos ata chegar ao modelo actual, discutindo as súas limitacións e a necesidade dun novo.
- Recoñecer a importancia da teoría mecanocuántica para o coñecemento do átomo.
- Explicar os conceptos básicos da mecánica cuántica: dualidade onda-corpúsculo e incerteza.
- Establecer a configuración electrónica dun átomo en relación coa súa posición na táboa periódica.
- Identificar os números cuánticos para un electrón segundo no orbital en que se atope.
- Coñecer a estrutura básica do sistema periódico actual, definir as propiedades periódicas estudadas e describir a súa variación ao longo dun grupo ou período.
- Utilizar o modelo de enlace correspondente para explicar a formación de moléculas, de cristais e de estruturas macroscópicas, e deducir as súas propiedades.
- Construír ciclos enerxéticos do tipo Born-Haber para calcular a enerxía de rede, analizando de forma cualitativa a variación de enerxía de rede en diferentes compostos.
- Describir as características básicas do enlace covalente empregando diagramas de Lewis e utilizar a TEV para a súa descrición máis complexa.
- Empregar a teoría da hibridación para explicar o enlace covalente e a xeometría de distintas moléculas.
- Coñecer as propiedades dos metais empregando as diferentes teorías estudadas para a formación do enlace metálico.

- Explicar a posible condutividade eléctrica dun metal empregando a teoría de bandas.
- Recoñecer os tipos de forzas intermoleculares e explicar como afectan as propiedades de determinados compostos en casos concretos.
- Diferenciar as forzas intramoleculares das intermoleculares en compostos iónicos ou covalentes.
- Definir velocidade dunha reacción e aplicar a teoría das colisións e do estado de transición utilizando o concepto de enerxía de activación.
- Xustificar como a natureza e a concentración dos reactivos, a temperatura e a presenza de catalizadores modifican a velocidade de reacción.
- Coñecer que a velocidade dunha reacción química depende da etapa limitante segundo o seu mecanismo de reacción establecido.
- Aplicar o concepto de equilibrio químico para predicir a evolución dun sistema.
- Expresar matematicamente a constante de equilibrio dun proceso no que interveñen gases, en función da concentración e das presións parciais.
- Relacionar K_c e K_p en equilibrios con gases, interpretando o seu significado, e resolver problemas de equilibrios homoxéneos en reaccións gasosas.
- Resolver problemas de equilibrios heteroxéneos, con especial atención aos de disolución – precipitación .
- Aplicar o principio de Le Chatelier a distintos tipos de reaccións tendo en conta o efecto da temperatura, a presión, o volume e a concentración das substancias presentes, predicindo a evolución do sistema.
- Valorar a importancia do principio de Le Chatelier en diversos procesos industriais.
- Explicar como varía a solubilidade dun sal polo efecto dun ión común.
- Aplicar a teoría de Brønsted para recoñecer as substancias que poden actuar como ácidos ou bases.
- Determinar o valor do pH de distintos tipos de ácidos e bases.
- Explicar as reaccións ácido-base e a importancia dalgunha delas, así como as súas aplicacións prácticas.

- Xustificar o pH resultante na hidrólise dun sal.
- Utilizar os cálculos estequiométricos necesarios para levar a cabo unha reacción de neutralización ou volumetría ácido-base.
- Coñecer as aplicacións dos ácidos e das bases na vida cotiá (produtos de limpeza, cosmética, etc.).
- Determinar o número de oxidación dun elemento químico identificando se se oxida ou reduce nunha reacción química.
- Axustar reaccións de oxidación – redución utilizando o método do ión-electrón e facer os cálculos estequiométricos correspondentes.
- Comprender o significado de potencial estándar de redución dun par redox, utilizándoo para predicir a espontaneidade dun proceso entre dous pares redox.
- Realizar cálculos estequiométricos necesarios para aplicar ás volumetrías redox.
- Determinar a cantidade de substancia depositada nos electrodos dunha cuba electrolítica empregando as leis de Faraday.
- Coñecer algunhas das aplicacións da electrólise como a prevención da corrosión, a fabricación de pilas de distintos tipos (galvánicas, alcalinas e de combustible) e a obtención de elementos puros.
- Recoñecer os compostos orgánicos, segundo a función que os caracteriza.
- Formular compostos orgánicos sinxelos con varias funcións.
- Representar isómeros a partir dunha fórmula molecular dada.
- Identificar os principais tipos de reaccións orgánicas: substitución, adición, eliminación, condensación e redox.
- Escribir e axustar reaccións de obtención ou transformación de compostos orgánicos en función do grupo funcional presente.
- Valorar a importancia da química orgánica vinculada a outras áreas de coñecemento e ao interese social.
- Determinar as características máis importantes das macromoléculas.
- Representar a fórmula dun polímero a partir dos seus monómeros, e viceversa.

- Describir os mecanismos máis sinxelos de polimerización e as propiedades dalgúns dos principais polímeros de interese industrial.
- Coñecer as propiedades e a obtención dalgúns compostos de interese en biomedicina e, en xeral, nas ramas da industria.
- Distinguir as principais aplicacións dos materiais polímeros, segundo a súa utilización en distintos ámbitos.
- Valorar a utilización das substancias orgánicas no desenvolvemento da sociedade actual e os problemas ambientais que se poden derivar.

8.5. Concrecións para cada estándar de aprendizaxe avaliable

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (avaliación correspondente)	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao mínimo de consecución
Aplica habilidades necesarias para a investigación científica traballando tanto individualmente como en grupo, formulando preguntas, identificando problemas, recollendo datos mediante a observación ou a experimentación, analizando e comunicando os resultados, e desenvolvendo explicacións mediante a realización dun informe final.	1, 2, 3	O, I	3
Utiliza o material e os instrumentos de laboratorio empregando as normas de seguridade adecuadas para a realización de experiencias Químicas.	1, 2, 3	O, I	3
Elabora información e relaciona os coñecementos químicos aprendidos con fenómenos da natureza, e as posibles aplicacións e consecuencias na sociedade actual.	1, 2, 3	O, I	3
Localiza e utiliza aplicacións e programas de simulación de prácticas de laboratorio.	1, 2, 3	O, I	3
Realiza e defende un traballo de investigación utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	1, 2, 3	O, I	3
Analiza a información obtida principalmente a través de internet, identificando as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información científica.	1, 2, 3	O	3
Selecciona, comprende e interpreta información relevante nunha fonte de información de divulgación científica e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.	1, 2, 3	O, I	3
Explica as limitacións dos distintos modelos atómicos en relación cos feitos experimentais que levan asociados.	1	P, O	3

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (avaliación correspondente)	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao mínimo de consecución
Calcula o valor enerxético correspondente a unha transición electrónica entre dous niveis dados, en relación coa interpretación dos espectros atómicos.	1	P	3
Diferencia o significado dos números cuánticos segundo Bohr e a teoría mecanocuántica que define o modelo atómico actual, en relación co concepto de órbita e orbital.	1	P	3
Determina lonxitudes de onda asociadas a partículas en movemento para xustificar o comportamento ondulatorio dos electróns.	1	P	3
Xustifica o carácter probabilístico do estudo de partículas atómicas a partir do principio de indeterminación de Heisenberg.	1	P	3
Coñece as partículas subatómicas e os tipos de quarks presentes na natureza íntima da materia e na orixe primixenia do Universo, explicando as características e a clasificación destes.	1	I	2
Determina a configuración electrónica dun átomo, coñecida a súa posición na táboa periódica e os números cuánticos posibles do electrón diferenciador.	1	P	3
Xustifica a reactividade dun elemento a partir da estrutura electrónica ou a súa posición na táboa periódica.	1	P	3
Argumenta a variación do raio atómico, potencial de ionización, afinidade electrónica e electronegatividade en grupos e períodos, comparando as devanditas propiedades para elementos diferentes.	1	P	3
Xustifica a estabilidade das moléculas ou dos cristais formados empregando a regra do octeto ou baseándose nas interaccións dos electróns da capa de valencia para a formación dos enlaces.	1	P	3
Aplica o ciclo de Born-Haber para o cálculo da enerxía reticular de cristais iónicos.	1	P	3

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (avaliación correspondente)	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao mínimo de consecución
Compara a fortaleza do enlace en distintos compostos iónicos aplicando a fórmula de Born-Landé para considerar os factores dos que depende a enerxía reticular.	1	P	3
Determina a polaridade dunha molécula utilizando o modelo ou a teoría máis axeitados para explicar a súa xeometría.	1	P	3
Representa a xeometría molecular de distintas substancias covalentes aplicando a TEV e a TRPECV.	1	P	3
Dálles sentido aos parámetros moleculares en compostos covalentes utilizando a teoría de hibridación para compostos inorgánicos e orgánicos.	1	P	3
Explica a condutividade eléctrica e térmica mediante o modelo do gas electrónico, aplicándoo tamén a substancias semiconductoras e superconductoras.	1	P	3
Describe o comportamento dun elemento como illante, condutor ou semiconductor eléctrico, utilizando a teoría de bandas.	1	P	3
Coñece e explica algunhas aplicacións dos semicondutores e supercondutores, e analiza a súa repercusión no avance tecnolóxico da sociedade.	1	P, O	2
Xustifica a influencia das forzas intermoleculares para explicar como varían as propiedades específicas de diversas substancias en función das devanditas interaccións.	1	P	3
Compara a enerxía dos enlaces intramoleculares en relación coa enerxía correspondente ás forzas intermoleculares, xustificando o comportamento fisicoquímico das moléculas.	1	P	3
Obtén ecuacións cinéticas reflectindo as unidades das magnitudes que interveñen.	2	P	3
Predí a influencia dos factores que modifican a velocidade dunha reacción.	2	P, O	3

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (avaliación correspondente)	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao mínimo de consecución
Explica o funcionamento dos catalizadores en relación con procesos industriais e a catálise encimática, analizando a súa repercusión no medio e na saúde.	2	P, O	2
Deduce o proceso de control da velocidade dunha reacción Química identificando a etapa limitante correspondente ao seu mecanismo de reacción.	2	P, O	3
Interpreta o valor do cociente de reacción comparándoo coa constante de equilibrio, prevendo a evolución dunha reacción para alcanzar o equilibrio.	2	P	3
Comproba e interpreta experiencias de laboratorio onde se poñen de manifesto os factores que inflúen no desprazamento do equilibrio químico, en equilibrios homoxéneos e heteroxéneos.	2	P, O, I	3
Acha o valor das constantes de equilibrio, K_c e K_p , para un equilibrio en diferentes situacións de presión, volume ou concentración.	2	P	3
Calcula as concentracións ou presións parciais das substancias presentes nun equilibrio químico empregando a lei de acción de masas, e deduce como evoluciona o equilibrio ao variar a cantidade de produto ou reactivo.	2	P	3
Utiliza o grao de disociación aplicándoo ao cálculo de concentracións e constantes de equilibrio K_c e K_p .	2	P	3
Relaciona a solubilidade e o produto de solubilidade aplicando a lei de Guldberg e Waage en equilibrios heteroxéneos sólido-líquido, e aplícao experimentalmente como método de separación e identificación de mesturas de sales disolvidos.	2	P, O	2

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (avaliación correspondente)	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao mínimo de consecución
Aplica o principio de Le Chatelier para predicir a evolución dun sistema en equilibrio ao modificar a temperatura, a presión, o volume ou a concentración que o definen, utilizando como exemplo a obtención industrial do amoníaco.	2	P, I	3
Analiza os factores cinéticos e termodinámicos que inflúen nas velocidades de reacción e na evolución dos equilibrios para optimizar a obtención de compostos de interese industrial, como por exemplo o amoníaco.	2	P, O	3
Calcula a solubilidade dun sal interpretando como se modifica ao engadir un ión común, e verifica experimentalmente nalgúns casos concretos.	3	P	3
Xustifica o comportamento ácido ou básico dun composto aplicando a teoría de Brønsted-Lowry dos pares de ácido-base conxugados.	2	P	3
Identifica o carácter ácido, básico ou neutro, e a fortaleza ácido-base de distintas disolucións segundo o tipo de composto disolvido nelas, e determina teoricamente e experimentalmente o valor do pH destas.	2	P, O, I	3
Describe o procedemento para realizar unha volumetría ácido-base dunha disolución de concentración descoñecida, realizando os cálculos necesarios.	2	P, O, I	3
Predí o comportamento ácido-base dun sal disolvido en auga aplicando o concepto de hidrólise, e escribi os procesos intermedios e os equilibrios que teñen lugar.	2	P	3
Determina a concentración dun ácido ou unha base valorándoa con outra de concentración coñecida, establecendo o punto de equivalencia da neutralización mediante o emprego de indicadores ácido-base (faino no laboratorio no caso de ácidos e bases fortes).	2	P, O, I	3

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (avaliación correspondente)	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao mínimo de consecución
Recoñece a acción dalgúns produtos de uso cotián como consecuencia do seu comportamento químico ácido-base.	2	O, I	3
Define oxidación e redución en relación coa variación do número de oxidación dun átomo en substancias oxidantes e redutoras.	3	P	3
Identifica reaccións de oxidación-redución empregando o método do ión-electrón para axustalas.	3	P	3
Relaciona a espontaneidade dun proceso redox coa variación de enerxía de Gibbs, considerando o valor da forza electromotriz obtida.	3	P	3
Deseña unha pila coñecendo os potenciais estándar de redución, utilizándoos para calcular o potencial xerado formulando as semirreaccións redox correspondentes, e constrúe unha pila Daniell.	3	P, O, I	3
Analiza un proceso de oxidación-redución coa xeración de corrente eléctrica representando unha célula galvánica.	3	P, I	3
Describe o procedemento para realizar unha volumetría redox, realizando os cálculos estequiométricos correspondentes.	3	P, I	3
Aplica as leis de Faraday a un proceso electrolítico determinando a cantidade de materia depositada nun eléctrodo ou o tempo que tarda en facelo, e compróbo experimentalmente nalgún proceso dado.	3	P, O, I	3
Representa os procesos que teñen lugar nunha pila de combustible, escribindo as semirreaccións redox e indicando as vantaxes e os inconvenientes do uso destas pilas fronte ás convencionais.	3	P, O, I	2
Xustifica as vantaxes da anodización e a galvanoplastia na protección de obxectos metálicos.	3	O, I	2

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (avaliación correspondente)	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao mínimo de consecución
Relaciona a forma de hibridación do átomo de carbono co tipo de enlace en diferentes compostos representando graficamente moléculas orgánicas sinxelas.	3	P, O	3
Diferencia, nomea e formula hidrocarburos e compostos orgánicos que posúen varios grupos funcionais.	3	P	3
Distingue os tipos de isomería representando, formulando e nomeando os posibles isómeros, dada unha fórmula molecular.	3	P	3
Identifica e explica os principais tipos de reaccións orgánicas (substitución, adición, eliminación, condensación e redox), predicindo os produtos, se é necesario.	3	P	3
Desenvolve a secuencia de reaccións necesarias para obter un composto orgánico determinado a partir de outro con distinto grupo funcional, aplicando a regra de Markovnikov ou de Saytzeff para a formación de distintos isómeros.	3	P	3
Relaciona os grupos funcionais e as estruturas principais con compostos sinxelos de interese biolóxico.	3	P, O	3
Recoñece macromoléculas de orixe natural e sintética.	3	P, O	3
A partir dun monómero, deseña o polímero correspondente e explica o proceso que tivo lugar.	3	P, I	3
Utiliza as reaccións de polimerización para a obtención de compostos de interese industrial como polietileno, PVC, poliestireno, caucho, poliamidas e poliésteres, poliuretanos e baquelita.	3	P, I	3
Identifica substancias e derivados orgánicos que se utilizan como principios activos de medicamentos, cosméticos e biomateriais, e valora a repercusión na calidade de vida.	3	P, O, I	2

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (avaliación correspondente)	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao mínimo de consecución
Describe as principais aplicacións dos materiais polímeros de alto interese tecnolóxico e biolóxico (adhesivos e revestimentos, resinas, tecidos, pinturas, próteses, lentes, etc.), en relación coas vantaxes e as desvantaxes do seu uso segundo as propiedades que o caracterizan.	3	P, O, I	2
Recoñece as utilidades que os compostos orgánicos teñen en sectores como a alimentación, a agricultura, a biomedicina, a enxeñaría de materiais e a enerxía, fronte ás posibles desvantaxes que leva consigo o seu desenvolvemento.	3	P, O, I	2

9. Física de segundo de bacharelato

9.1. Estándares de aprendizaxe e competencias clave

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Aplica habilidades necesarias para a investigación científica, propondo preguntas, identificando e analizando problemas, emitindo hipóteses fundamentadas, recollendo datos, analizando tendencias a partir de modelos, e deseñando e propondo estratexias de actuación.	CCL CMCCT CSC CSIEE
Efectúa a análise dimensional das ecuacións que relacionan as magnitudes nun proceso físico.	CAA CMCCT
Resolve exercicios nos que a información debe deducirse a partir dos datos proporcionados e das ecuacións que rexen o fenómeno, e contextualiza os resultados.	CAA CMCCT
Elabora e interpreta representacións gráficas de dúas e tres variables a partir de datos experimentais, e relaciónaaas coas ecuacións matemáticas que representan as leis e os principios físicos subxacentes.	CAA CMCCT
Utiliza aplicacións virtuais interactivas para simular experimentos físicos de difícil implantación no laboratorio.	CD CMCCT
Analiza a validez dos resultados obtidos e elabora un informe final facendo uso das TIC, no que se comunique tanto o proceso como as conclusións obtidas.	CD CCL CMCCT CSIEE
Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información científica existente en internet e noutros medios dixitais.	CD CMCCT
Selecciona, comprende e interpreta información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.	CAA CCL CD CMCCT
Realiza de xeito cooperativo algunhas tarefas propias da investigación científica: procura de información, prácticas de laboratorio ou pequenos proxectos de investigación.	CAA CCL CD CMCCT CSC CSIEE
Diferencia os conceptos de forza e campo, establecendo unha relación entre a intensidade do campo gravitatorio e a aceleración da gravidade.	CMCCT
Representa o campo gravitatorio mediante as liñas de campo e as superficies de enerxía equipotencial.	CCEC CMCCT
Xustifica o carácter conservativo do campo gravitatorio e determina o	CMCCT

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
traballo realizado polo campo a partir das variacións de enerxía potencial.	
Calcula a velocidade de escape dun corpo aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica.	CMCCT
Aplica a lei de conservación da enerxía ao movemento orbital de corpos como satélites, planetas e galaxias.	CMCCT
Deduce a velocidade orbital dun corpo, a partir da lei fundamental da dinámica, e relaciónaa co raio da órbita e a masa do corpo.	CMCCT
Utiliza aplicacións virtuais interactivas para o estudo de satélites de órbita media (MEO), órbita baixa (LEO) e de órbita xeoestacionaria (GEO), e extrae conclusións.	CD CMCCT
Relaciona os conceptos de forza e campo, establecendo a relación entre intensidade do campo eléctrico e carga eléctrica.	CMCCT
Utiliza o principio de superposición para o cálculo de campos e potenciais eléctricos creados por unha distribución de cargas puntuais.	CMCCT
Representa graficamente o campo creado por unha carga puntual, incluíndo as liñas de campo e as superficies de enerxía equipotencial.	CCEC CMCCT
Compara os campos eléctrico e gravitatorio, e establece analoxías e diferenzas entre eles.	CMCCT
Analiza cualitativamente a traxectoria dunha carga situada no seo dun campo xerado por unha distribución de cargas, a partir da forza neta que se exerce sobre ela.	CMCCT
Calcula o traballo necesario para transportar unha carga entre dous puntos dun campo eléctrico creado por unha ou máis cargas puntuais a partir da diferenza de potencial.	CMCCT
Predí o traballo que se realizará sobre unha carga que se move nunha superficie de enerxía equipotencial e discúteo no contexto de campos conservativos.	CMCCT
Calcula o fluxo do campo eléctrico a partir da carga que o crea e a superficie que atravesan as liñas do campo.	CMCCT
Determina o campo eléctrico creado por unha esfera cargada aplicando o teorema de Gauss.	CMCCT
Explica o efecto da gaiola de Faraday utilizando o principio de equilibrio electrostático e recoñéceo en situacións cotiás, como o mal funcionamento dos móbiles en certos edificios ou o efecto dos raios eléctricos nos avións.	CMCCT
Describe o movemento que realiza unha carga cando penetra nunha rexión onde existe un campo magnético e analiza casos prácticos concretos, como os espectrómetros de masas e os aceleradores de partículas.	CMCCT
Relaciona as cargas en movemento coa creación de campos magnéticos e	CMCCT

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
describe as liñas do campo magnético que crea unha corrente eléctrica rectilínea.	
Calcula o raio da órbita que describe unha partícula cargada cando penetra cunha velocidade determinada nun campo magnético coñecido aplicando a forza de Lorentz.	CMCCT
Utiliza aplicacións virtuais interactivas para comprender o funcionamento dun ciclotrón e calcula a frecuencia propia da carga cando se move no seu interior.	CD CMCCT
Establece a relación que debe existir entre o campo magnético e o campo eléctrico para que unha partícula cargada se mova con movemento rectilíneo uniforme aplicando a lei fundamental da dinámica e a lei de Lorentz.	CMCCT
Analiza o campo eléctrico e o campo magnético desde o punto de vista enerxético, tendo en conta os conceptos de forza central e campo conservativo.	CMCCT
Establece, nun punto dado do espazo, o campo magnético resultante debido a dous ou máis condutores rectilíneos polos que circulan correntes eléctricas.	CMCCT
Caracteriza o campo magnético creado por unha espira e por un conxunto de espiras.	CMCCT
Analiza e calcula a forza que se establece entre dous condutores paralelos, segundo o sentido da corrente que os percorra, realizando o diagrama correspondente.	CMCCT
Xustifica a definición de ampere a partir da forza que se establece entre dous condutores rectilíneos e paralelos.	CMCCT
Determina o campo que crea unha corrente rectilínea de carga aplicando a lei de Ampère e exprésao en unidades do Sistema Internacional.	CMCCT
Establece o fluxo magnético que atravesa unha espira que se atopa no seo dun campo magnético e exprésao en unidades do Sistema Internacional.	CMCCT
Calcula a forza electromotriz inducida nun circuíto e estima a dirección da corrente eléctrica aplicando as leis de Faraday e Lenz.	CMCCT
Emprega aplicacións virtuais interactivas para reproducir as experiencias de Faraday e Henry e deduce experimentalmente as leis de Faraday e Lenz.	CD CMCCT
Demostra o carácter periódico da corrente alterna nun alternador a partir da representación gráfica da forza electromotriz inducida en función do tempo.	CMCCT
Infere a produción de corrente alterna nun alternador, tendo en conta as leis da indución.	CMCCT
Determina a velocidade de propagación dunha onda e a de vibración das partículas que a forman, interpretando ambos os resultados.	CMCCT CSIEE

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Explica as diferenzas entre ondas lonxitudinais e transversais a partir da orientación relativa da oscilación e da propagación.	CMCCT
Recoñece exemplos de ondas mecánicas na vida cotiá.	CMCCT
Obtén as magnitudes características dunha onda a partir da súa expresión matemática.	CMCCT
Escribe e interpreta a expresión matemática dunha onda harmónica transversal dadas as súas magnitudes características.	CMCCT
Dada a expresión matemática dunha onda, xustifica a dobre periodicidade con respecto á posición e ao tempo.	CAA CMCCT
Relaciona a enerxía mecánica dunha onda coa súa amplitude.	CMCCT
Calcula a intensidade dunha onda a certa distancia do foco emisor, empregando a ecuación que relaciona ambas as magnitudes.	CMCCT
Explica a propagación das ondas utilizando o principio Huygens.	CMCCT
Interpreta os fenómenos de interferencia e a difracción a partir do principio de Huygens.	CMCCT
Experimenta e xustifica o comportamento da luz ao cambiar de medio, aplicando a lei de Snell, coñecidos os índices de refracción.	CAA CMCCT
Obtén o coeficiente de refracción dun medio a partir do ángulo formado pola onda reflectida e refractada.	CMCCT
Considera o fenómeno de reflexión total como o principio físico subxacente á propagación da luz nas fibras ópticas e a súa relevancia nas telecomunicacións.	CMCCT
Recoñece situacións cotiás nas que se produce o efecto Doppler, e xustifícaaas de forma cualitativa.	CMCCT
Identifica a relación logarítmica entre o nivel de intensidade sonora en decibeles e a intensidade do son, aplicándoa a casos sinxelos.	CMCCT
Relaciona a velocidade de propagación do son coas características do medio en que se propaga.	CMCCT
Analiza a intensidade das fontes de son da vida cotiá e clasifícaaas como contaminantes e non contaminantes.	CMCCT
Coñece e explica algunhas aplicacións tecnolóxicas das ondas sonoras, como a ecografía, o radar, o sonar, etc.	CMCCT
Representa esquematicamente a propagación dunha onda electromagnética incluíndo os vectores do campo eléctrico e magnético.	CMCCT
Interpreta unha representación gráfica da propagación dunha onda electromagnética en termos dos campos eléctrico e magnético e da súa polarización.	CMCCT

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Determina experimentalmente a polarización das ondas electromagnéticas a partir de experiencias sinxelas, utilizando obxectos empregados na vida cotiá.	CMCCT
Clasifica casos concretos de ondas electromagnéticas presentes na vida cotiá en función da súa lonxitude de onda e a súa enerxía.	CMCCT
Xustifica a cor dun obxecto en función da luz absorbida e reflectida.	CMCCT
Analiza os efectos de refracción, difracción e interferencia en casos prácticos sinxelos.	CMCCT
Establece a natureza e as características dunha onda electromagnética dada a súa situación no espectro.	CMCCT
Relaciona a enerxía dunha onda electromagnética coa súa frecuencia, a lonxitude de onda e a velocidade da luz no baleiro.	CMCCT
Recoñece aplicacións tecnolóxicas de diferentes tipos de radiacións, nomeadamente infravermella, ultravioleta e microondas.	CD CCEC CMCCT
Analiza o efecto dos tipos de radiación sobre a biosfera en xeral, e sobre a vida humana en particular.	CMCCT CSC
Deseña un circuíto eléctrico sinxelo capaz de xerar ondas electromagnéticas, formado por un xerador, unha bobina e un condensador, e describe o seu funcionamento.	CMCCT CSIEE
Explica esquematicamente o funcionamento de dispositivos de almacenamento e transmisión da información.	CD CMCCT
Explica procesos cotiáns a través das leis da óptica xeométrica.	CMCCT
Demostra experimentalmente e graficamente a propagación rectilínea da luz mediante un xogo de prismas que conduzan un feixe de luz desde o emisor ata unha pantalla.	CMCCT
Obtén o tamaño, a posición e a natureza da imaxe dun obxecto producida por un espello plano e unha lente delgada, realizando o trazado de raios e aplicando as ecuacións correspondentes.	CMCCT
Xustifica os principais defectos ópticos do ollo humano (miopía, hipermetropía, presbicia e astigmatismo), empregando para iso un diagrama de raios.	CMCCT
Establece o tipo e disposición dos elementos empregados nos principais instrumentos ópticos, tales como lupa, microscopio, telescopio e cámara fotográfica, realizando o correspondente trazado de raios.	CMCCT
Analiza as aplicacións da lupa, o microscopio, o telescopio e a cámara fotográfica, considerando as variacións que experimenta a imaxe respecto ao obxecto.	CMCCT CSC
Explica o papel do éter no desenvolvemento da teoría especial da	CMCCT

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
relatividade.	
Reproduce esquematicamente o experimento de Michelson-Morley, así como os cálculos asociados sobre a velocidade da luz, e analiza as consecuencias que se derivaron.	CAA CMCCT
Calcula a dilatación do tempo que experimenta un observador cando se despraza a velocidades próximas ás da luz con respecto a un sistema de referencia dado, aplicando as transformacións de Lorentz.	CMCCT
Determina a contracción que experimenta un obxecto cando se atopa nun sistema que se despraza a velocidades próximas ás da luz con respecto a un sistema de referencia dado, aplicando as transformacións de Lorentz.	CMCCT
Discute os postulados e os aparentes paradoxos asociados á teoría especial da relatividade e a súa evidencia experimental.	CCL CMCCT
Expresa a relación entre a masa en repouso dun corpo e a súa velocidade coa enerxía deste a partir da masa relativista.	CMCCT
.Explica as limitacións da Física clásica ao enfrontarse a determinados feitos físicos, como a radiación do corpo negro, o efecto fotoeléctrico ou os espectros atómicos.	CMCCT
Relaciona a lonxitude de onda e a frecuencia da radiación absorbida ou emitida por un átomo coa enerxía dos niveis atómicos involucrados.	CMCCT
Compara a predición clásica do efecto fotoeléctrico coa explicación cuántica postulada por Einstein, e realiza cálculos relacionados co traballo de extracción e a enerxía cinética dos fotoelectróns.	CMCCT
Interpreta espectros sinxelos, relacionándoos coa composición da materia.	CMCCT
Determina as lonxitudes de onda asociadas a partículas en movemento a diferentes escalas, extraendo conclusións acerca dos efectos cuánticos a escalas macroscópicas.	CMCCT
Formula de xeito sinxelo o principio de indeterminación de Heisenberg e aplícao a casos concretos, como os orbitais atómicos.	CMCCT
Describe as principais características da radiación láser en comparación coa radiación térmica.	CMCCT
Asocia o láser coa natureza cuántica da materia e da luz, xustifica o seu funcionamento de xeito sinxelo e recoñece o seu papel na sociedade actual.	CMCCT
Describe os principais tipos de radioactividade incidindo nos seus efectos sobre o ser humano, así como as súas aplicacións médicas.	CMCCT CSC
Obtén a actividade dunha mostra radioactiva aplicando a lei de desintegración e valora a utilidade dos datos obtidos para a datación de restos arqueolóxicos.	CAA CMCCT
Realiza cálculos sinxelos relacionados coas magnitudes que interveñen nas	CMCCT

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
desintegracións radioactivas.	
Explica a secuencia de procesos dunha reacción en cadea, e extrae conclusións acerca da enerxía liberada.	CCL CMCCT
Describe as aplicacións máis frecuentes da enerxía nuclear: produción de enerxía eléctrica, datación en arqueoloxía, radiacións ionizantes en medicina e fabricación de armas.	CMCCT
Analiza as vantaxes e os inconvenientes da fisión e a fusión nuclear, e xustifica a conveniencia do seu uso.	CMCCT
Compara as principais teorías de unificación establecendo as súas limitacións e o estado en que se atopan.	CMCCT
Establece unha comparación cuantitativa entre as catro interaccións fundamentais da natureza en función das enerxías involucradas.	CMCCT
Compara as principais características das catro interaccións fundamentais da natureza a partir dos procesos nos que estas se manifestan.	CMCCT
Xustifica a necesidade da existencia de novas partículas elementais no marco da unificación das interaccións.	CMCCT
Describe a estrutura atómica e nuclear a partir da súa composición en quarks e electróns, empregando o vocabulario específico da Física de quarks.	CMCCT
Caracteriza algunhas partículas fundamentais de especial interese, como os neutrinos e o bosón de Higgs, a partir dos procesos en que se presentan.	CMCCT
Relaciona as propiedades da materia e da antimateria coa teoría do Big Bang.	CMCCT
Explica a teoría do Big Bang e discute as evidencias experimentais en que se apoia, como son a radiación de fondo e o efecto Doppler relativista.	CCL CMCCT
Presenta unha cronoloxía do universo en función da temperatura e das partículas que o formaban en cada período, discutindo a asimetría entre materia e antimateria.	CCL CMCCT
Realiza e defende un estudo sobre as fronteiras da Física do século XXI.	CCEC CMCCT CSC CSIEE

9.2. Obxectivos

- Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

9.3. Contidos

Unidade 1. A actividade científica.

- Estratexias propias da actividade científica.
- Tecnoloxías da información e da comunicación
- Estratexias necesarias na actividade científica

Unidade 2: interacción gravitatoria.

- Campos de forza conservativos
- Intensidade do campo gravitatorio
- Potencial gravitatorio
- Enerxía potencial gravitatoria
- Lei de conservación da enerxía
- Relación entre enerxía e movemento orbital
- Satélites: tipos

Unidade 3. Interacción electrostática.

- Campo eléctrico
- Intensidade do campo
- Potencial eléctrico
- Diferenza de potencial
- Enerxía potencial eléctrica
- Fluxo eléctrico e lei de Gauss
- Aplicacións do teorema de Gauss
- Equilibrio electrostático
- Gaiola de Faraday

Unidade 4. Interacción magnética.

- Campo magnético
- Efecto dos campos magnéticos sobre cargas en movemento
- campo magnético como campo non conservativo
- Inducción electromagnética
- Forza magnética entre condutores paralelos
- Lei de Ampère
- Fluxo magnético
- Leis de Faraday – Henry e de Lenz
- Forza electromotriz
- Xerador de corrente alterna: elementos
- Corrente alterna: magnitudes que a caracterizan

Unidade 5. Ondas.

- Ecuación das ondas harmónicas
- Clasificación das ondas
- Magnitudes que caracterizan as ondas
- Ondas transversais nunha corda
- Enerxía e intensidade
- Principio de Huygens
- Fenómenos ondulatorios: interferencia e difracción, reflexión e refracción
- Leis de Snell
- Índice de refracción
- Ondas lonxitudinais. O son
- Efecto Doppler
- Enerxía e intensidade das ondas sonoras
- Contaminación acústica
- Aplicacións tecnolóxicas do son
- Ondas electromagnéticas: natureza e propiedades. Espectro electromagnético
- Dispersión. A cor
- Aplicacións das ondas electromagnéticas no espectro non visible
- Transmisión da comunicación

Unidade 6: Óptica xeométrica.

- Leis da óptica xeométrica
- Sistemas ópticos: lentes e espellos
- Olo humano. Defectos visuais
- Aplicacións tecnolóxicas: instrumentos ópticos e a fibra óptica

Unidade 7. Física do século XX.

- Introducción á teoría especial da relatividade
- Orixes da Física cuántica. Problemas precursores
- Enerxía relativista. Enerxía total e enerxía en repouso
- Insuficiencia da Física clásica
- Hipótese de Planck
- Efecto fotoeléctrico
- Espectros atómicos. Modelo cuántico do átomo de Bohr
- Interpretación probabilística da Física cuántica
- Principio de indeterminación de Heisenberg
- Aplicacións da Física cuántica. O láser

- Radiactividade. Tipos
- Física nuclear
- Núcleo atómico. Leis da desintegración radiactiva
- Fusión e fisión nucleares
- As catro interaccións fundamentais da natureza: gravitatoria, electromagnética, nuclear forte e nuclear débil
- Interaccións fundamentais da natureza e partículas fundamentais
- Partículas fundamentais constitutivas do átomo: electróns e quarks
- Historia e composición do Universo
- Fronteiras da Física

Como se indicou ao comezo débense ter en conta as indicacións que establece a CIUG. Así pois, temos que considerar que o grupo de traballo lembra que hai unha serie de competencias, que son fundamentais para a aprendizaxe da Física en 2º de bacharelato, que o alumnado deberá dominar. Entre elas cítanse:

1. Cinemática:

- a. Significado físico das compoñentes intrínsecas da aceleración.
- b. Clasificación dos movementos en función das compoñentes intrínsecas da aceleración.
- c. Características e ecuacións cinemáticas de movementos rectilíneos uniformes e uniformemente variados.
- d. Características e ecuacións do movemento circular uniforme.
- e. Características e ecuacións do movemento harmónico simple.

2. Dinámica:

- a. Forza total sobre unha partícula que describe un movemento rectilíneo uniforme e uniformemente variado, movemento circular uniforme e movemento harmónico simple
- b. Momento lineal dunha partícula. Teorema de conservación do momento lineal.
- c. Momento dunha forza con respecto a un punto. Forzas centrais.
- d. Momento angular dunha partícula con respecto a un punto. Teorema de conservación do momento angular.

3. Traballo e enerxía:

- a. Concepto de traballo e enerxía.
- b. Diferenza entre forzas conservativas e non conservativas.
- c. Enerxía cinética e potencial.
- d. Principio de conservación da enerxía.

4. Interacción gravitacional e electrostática:

- a. Leis de Kepler.
- b. Lei de Newton da Gravitación Universal.
- c. Lei de Coulomb.

9.4. Criterios de avaliación

- Recoñecer e utilizar as estratexias básicas da actividade científica.
- Coñecer, utilizar e aplicar as tecnoloxías da información e da comunicación no estudo dos fenómenos físicos.
- Realizar de xeito cooperativo tarefas propias da investigación científica.
- Asociar o campo gravitatorio á existencia de masa, e caracterizalo pola intensidade do campo e o potencial.
- Recoñecer o carácter conservativo do campo gravitatorio pola súa relación cunha forza central e asociarlle, en consecuencia, un potencial gravitatorio.
- Interpretar as variacións de enerxía potencial e o signo desta en función da orixe de coordenadas enerxéticas elixida.
- Xustificar as variacións enerxéticas dun corpo en movemento no seo de campos gravitatorios.
- Relacionar o movemento orbital dun corpo co raio da órbita e a masa xeradora do campo.
- Coñecer a importancia dos satélites artificiais de comunicacións, GPS e meteorolóxicos, e as características das súas órbitas.
- Asociar o campo eléctrico á existencia de carga e caracterizalo pola intensidade de campo e o potencial.
- Recoñecer o carácter conservativo do campo eléctrico pola súa relación cunha forza central, e asociarlle, en consecuencia, un potencial eléctrico.
- Caracterizar o potencial eléctrico en diferentes puntos dun campo xerado por unha distribución de cargas puntuais, e describir o movemento dunha carga cando se deixa libre no campo.
- Interpretar as variacións de enerxía potencial dunha carga en movemento no seo de campos electrostáticos en función da orixe de coordenadas enerxéticas elixida.
- Asociar as liñas de campo eléctrico co fluxo a través dunha superficie pechada e establecer o teorema de Gauss para determinar o campo eléctrico creado por unha esfera cargada.
- Valorar o teorema de Gauss como método de cálculo de campos electrostáticos.
- Aplicar o principio de equilibrio electrostático para explicar a ausencia de campo eléctrico no interior dos condutores e asócio a casos concretos da vida cotiá.
- Predicir o movemento dunha partícula cargada no seo dun campo magnético.
- Comprender e comprobar que as correntes eléctricas xeran campos magnéticos.
- Recoñecer a forza de Lorentz como a forza que se exerce sobre unha partícula cargada que se move nunha rexión do espazo onde actúan un campo eléctrico e un campo magnético.
- Interpretar o campo magnético como campo non conservativo e a imposibilidade de asociarlle unha enerxía potencial.
- Describir o campo magnético orixinado por unha corrente rectilínea, por unha espira de corrente ou por un solenoide nun punto determinado.

- Identificar e xustificar a forza de interacción entre dous condutores rectilíneos e paralelos.
- Coñecer que o ampere é unha unidade fundamental do Sistema Internacional.
- Valorar a lei de Ampère como método de cálculo de campos magnéticos.
- Relacionar as variacións do fluxo magnético coa creación de correntes eléctricas e determinar o sentido destas.
- Explicar as experiencias de Faraday e de Henry que levaron a establecer as leis de Faraday e Lenz.
- Identificar os elementos fundamentais de que consta un xerador de corrente alterna e a súa función.
- Asociar o movemento ondulatorio co movemento harmónico simple.
- Identificar en experiencias cotiás ou coñecidas os principais tipos de ondas e as súas características.
- Expresar a ecuación dunha onda nunha corda indicando o significado físico dos seus parámetros característicos.
- Interpretar a dobre periodicidade dunha onda a partir da súa frecuencia e o seu número de onda.
- Valorar as ondas como un medio de transporte de enerxía pero non de masa.
- Utilizar o principio de Huygens para comprender e interpretar a propagación das ondas e os fenómenos ondulatorios.
- Recoñecer a difracción e as interferencias como fenómenos propios do movemento ondulatorio.
- Empregar as leis de Snell para explicar os fenómenos de reflexión e refracción.
- Relacionar os índices de refracción de dous materiais co caso concreto de reflexión total.
- Explicar e recoñecer o efecto Doppler en sons.
- Coñecer a escala de medición da intensidade sonora e a súa unidade.
- Identificar os efectos da resonancia na vida cotiá: ruído, vibracións, etc.
- Recoñecer determinadas aplicacións tecnolóxicas do son como a ecografía, o radar, o sonar, etc.
- Establecer as propiedades da radiación electromagnética como consecuencia da unificación da electricidade, o magnetismo e a óptica nunha única teoría.
- Comprender as características e as propiedades das ondas electromagnéticas, como a súa lonxitude de onda, polarización ou enerxía, en fenómenos da vida cotiá.
- Identificar a cor dos corpos como a interacción da luz con eles.
- Recoñecer os fenómenos ondulatorios estudados en fenómenos relacionados coa luz.
- Determinar as principais características da radiación a partir da súa situación no espectro electromagnético.
- Coñecer as aplicacións das ondas electromagnéticas do espectro non visible.

- Recoñecer que a información se transmite mediante ondas, a través de diferentes soportes.
- Formular e interpretar as leis da óptica xeométrica.
- Valorar os diagramas de raios luminosos e as ecuacións asociadas como medio que permite predicir as características das imaxes formadas en sistemas ópticos.
- Coñecer o funcionamento óptico do ollo humano e os seus defectos, e comprender o efecto das lentes na corrección deses efectos .
- Aplicar as leis das lentes delgadas e espellos planos ao estudo dos instrumentos ópticos.
- Valorar a motivación que levou a Michelson e Morley a realizar o seu experimento e discutir as implicacións que del se derivaron.
- Aplicar as transformacións de Lorentz ao cálculo da dilatación temporal e á contracción espacial que sofre un sistema cando se despraza a velocidades próximas ás da luz respecto a outro dado.
- Coñecer e explicar os postulados e os aparentes paradoxos da física relativista.
- Establecer a equivalencia entre masa e enerxía, e as súas consecuencias na enerxía nuclear .
- Analizar as fronteiras da física a finais do século XIX e principios do século XX, e pór de manifesto a incapacidade da física clásica para explicar determinados procesos
- Coñecer a hipótese de Planck e relacionar a enerxía dun fotón coa súa frecuencia e a súa lonxitude de onda.
- Valorar a hipótese de Planck no marco do efecto fotoeléctrico.
- Aplicar a cuantización da enerxía ao estudo dos espectros atómicos e inferir a necesidade do modelo atómico de Bohr.
- Presentar a dualidade ondacorpúsculo como un dos grandes paradoxos da física cuántica.
- Recoñecer o carácter probabilístico da mecánica cuántica en contraposición co carácter determinista da mecánica clásica.
- Describir as características fundamentais da radiación láser, os principais tipos de láseres, o seu funcionamento básico e as súas principais aplicación.
- Distinguir os tipos de radiacións e o seu efecto sobre os seres vivos.
- Establecer a relación da composición nuclear e a masa nuclear cos procesos nucleares de desintegración
- Valorar as aplicacións da enerxía nuclear na produción de enerxía eléctrica, radioterapia, datación en arqueoloxía e a fabricación de armas nucleares
- Xustificar as vantaxes, as desvantaxes e as limitacións da fisión e a fusión nuclear
- Distinguir as catro interaccións fundamentais da natureza e os principais procesos en que interveñen.
- Recoñecer a necesidade de atopar un formalismo único que permita describir todos os procesos da natureza.

- Coñecer as teorías máis relevantes sobre a unificación das interaccións fundamentais da natureza.
- Utilizar o vocabulario básico da física de partículas e coñecer as partículas elementais que constitúen a materia.
- Describir a composición do universo ao longo da súa historia en termos das partículas que o constitúen e establecer unha cronoloxía deste a partir do Big Bang.

9.5. Concrecións para cada estándar de aprendizaxe avaliable

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (avaliación correspondente)	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao mínimo de consecución
Aplica habilidades necesarias para a investigación científica, propondo preguntas, identificando e analizando problemas, emitindo hipóteses fundamentadas, recollendo datos, analizando tendencias a partir de modelos, e deseñando e propondo estratexias de actuación.	1,2,3	P, O, I	3
Efectúa a análise dimensional das ecuacións que relacionan as magnitudes nun proceso físico.	1,2,3	P, O, I	3
Resolve exercicios nos que a información debe deducirse a partir dos datos proporcionados e das ecuacións que rexen o fenómeno, e contextualiza os resultados.	1,2,3	P, O, I	3
Elabora e interpreta representacións gráficas de dúas e tres variables a partir de datos experimentais, e relaciónaas coas ecuacións matemáticas que representan as leis e os principios físicos subxacentes.	1,2,3	P, O, I	3
Utiliza aplicacións virtuais interactivas para simular experimentos físicos de difícil implantación no laboratorio.	1,2,3	P, O, I	3
Analiza a validez dos resultados obtidos e elabora un informe final facendo uso das TIC, no que se comunique tanto o proceso como as conclusións obtidas.	1,2,3	P, O, I	3
Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información científica existente en internet e noutros medios dixitais.	1,2,3	P, O, I	3
Selecciona, comprende e interpreta información relevante nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.	1,2,3	P, O, I	3

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (avaliación correspondente)	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao mínimo de consecución
Realiza de xeito cooperativo algunhas tarefas propias da investigación científica: procura de información, prácticas de laboratorio ou pequenos proxectos de investigación.	1,2,3	P, O, I	3
Diferencia os conceptos de forza e campo, establecendo unha relación entre a intensidade do campo gravitatorio e a aceleración da gravidade.	1,2,3	P, O, I	3
Representa o campo gravitatorio mediante as liñas de campo e as superficies de enerxía equipotencial.	1	P, O, I	3
Xustifica o carácter conservativo do campo gravitatorio e determina o traballo realizado polo campo a partir das variacións de enerxía potencial.	1	P, O, I	3
Calcula a velocidade de escape dun corpo aplicando o principio de conservación da enerxía mecánica.	1	P, O, I	3
Aplica a lei de conservación da enerxía ao movemento orbital de corpos como satélites, planetas e galaxias.	1	P, O, I	3
Deduce a velocidade orbital dun corpo, a partir da lei fundamental da dinámica, e relaciónaa co raio da órbita e a masa do corpo.	1	P, O, I	3
Identifica a hipótese da existencia de materia escura a partir dos datos de rotación de galaxias e a masa do burato negro central.	1	P, O, I	3
Utiliza aplicacións virtuais interactivas para o estudo de satélites de órbita media (MEO), órbita baixa (LEO) e de órbita xeoestacionaria (GEO), e extrae conclusións.	1	P, O, I	3
Relaciona os conceptos de forza e campo, establecendo a relación entre intensidade do campo eléctrico e carga eléctrica.	1	P, O, I	3
Utiliza o principio de superposición para o cálculo de campos e potenciais eléctricos creados por unha distribución de cargas puntuais.	1	P, O, I	3

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (avaliación correspondente)	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao mínimo de consecución
Representa graficamente o campo creado por unha carga puntual, incluíndo as liñas de campo e as superficies de enerxía equipotencial.	1	P, O, I	3
Compara os campos eléctrico e gravitatorio, e establece analogías e diferenzas entre eles.	1	P, O, I	3
Analiza cualitativamente a traxectoria dunha carga situada no seo dun campo xerado por unha distribución de cargas, a partir da forza neta que se exerce sobre ela.	1	P, O, I	3
Calcula o traballo necesario para transportar unha carga entre dous puntos dun campo eléctrico creado por unha ou máis cargas puntuais a partir da diferenza de potencial.	1	P, O, I	3
Predí o traballo que se realizará sobre unha carga que se move nunha superficie de enerxía equipotencial e discúteo no contexto de campos conservativos.	1	P, O, I	3
Calcula o fluxo do campo eléctrico a partir da carga que o crea e a superficie que atravesan as liñas do campo.	1	P, O, I	3
Determina o campo eléctrico creado por unha esfera cargada aplicando o teorema de Gauss.	1	P, O, I	3
Explica o efecto da gaiola de Faraday utilizando o principio de equilibrio electrostático e recoñéceo en situacións cotiás, como o mal funcionamento dos móbiles en certos edificios ou o efecto dos raios eléctricos nos avións.	1	P, O, I	3
Describe o movemento que realiza unha carga cando penetra nunha rexión onde existe un campo magnético e analiza casos prácticos concretos, como os espectrómetros de masas e os aceleradores de partículas.	2	P, O, I	3

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (avaliación correspondente)	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao mínimo de consecución
Relaciona as cargas en movemento coa creación de campos magnéticos e describe as liñas do campo magnético que crea unha corrente eléctrica rectilínea.	2	P, O, I	3
Calcula o raio da órbita que describe unha partícula cargada cando penetra cunha velocidade determinada nun campo magnético coñecido aplicando a forza de Lorentz.	2	P, O, I	3
Utiliza aplicacións virtuais interactivas para comprender o funcionamento dun ciclotrón e calcula a frecuencia propia da carga cando se move no seu interior.	2	P, O, I	3
Establece a relación que debe existir entre o campo magnético e o campo eléctrico para que unha partícula cargada se mova con movemento rectilíneo uniforme aplicando a lei fundamental da dinámica e a lei de Lorentz.	2	P, O, I	3
Analiza o campo eléctrico e o campo magnético desde o punto de vista enerxético, tendo en conta os conceptos de forza central e campo conservativo.	2	P, O, I	3
Establece, nun punto dado do espazo, o campo magnético resultante debido a dous ou máis condutores rectilíneos polos que circulan correntes eléctricas.	2	P, O, I	3
Caracteriza o campo magnético creado por unha espira e por un conxunto de espiras.	2	P, O, I	3
Analiza e calcula a forza que se establece entre dous condutores paralelos, segundo o sentido da corrente que os percorra, realizando o diagrama correspondente.	2	P, O, I	3
Xustifica a definición de ampere a partir da forza que se establece entre dous condutores rectilíneos e paralelos.	2	P, O, I	3

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (avaliación correspondente)	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao mínimo de consecución
Determina o campo que crea unha corrente rectilínea de carga aplicando a lei de Ampère e exprésao en unidades do Sistema Internacional.	2	P, O, I	3
Establece o fluxo magnético que atravesa unha espira que se atopa no seo dun campo magnético e exprésao en unidades do Sistema Internacional.	2	P, O, I	3
Calcula a forza electromotriz inducida nun circuíto e estima a dirección da corrente eléctrica aplicando as leis de Faraday e Lenz.	2	P, O, I	3
Emprega aplicacións virtuais interactivas para reproducir as experiencias de Faraday e Henry e deduce experimentalmente as leis de Faraday e Lenz.	2	P, O, I	3
Demostra o carácter periódico da corrente alterna nun alternador a partir da representación gráfica da forza electromotriz inducida en función do tempo.	2	P, O, I	3
Infíre a produción de corrente alterna nun alternador, tendo en conta as leis da indución.	2	P, O, I	3
Determina a velocidade de propagación dunha onda e a de vibración das partículas que a forman, interpretando ambos os resultados.	2	P, O, I	3
Explica as diferenzas entre ondas lonxitudinais e transversais a partir da orientación relativa da oscilación e da propagación.	2	P, O, I	3
Recoñece exemplos de ondas mecánicas na vida cotiá.	2	P, O, I	3
Obtén as magnitudes características dunha onda a partir da súa expresión matemática.	2	P, O, I	3
Escrebe e interpreta a expresión matemática dunha onda harmónica transversal dadas as súas magnitudes características.	2	P, O, I	3

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (avaliación correspondente)	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao mínimo de consecución
Dada a expresión matemática dunha onda, xustifica a dobre periodicidade con respecto á posición e ao tempo.	2	P, O, I	3
Relaciona a enerxía mecánica dunha onda coa súa amplitude.	2	P, O, I	3
Calcula a intensidade dunha onda a certa distancia do foco emisor, empregando a ecuación que relaciona ambas as magnitudes.	2	P, O, I	3
Explica a propagación das ondas utilizando o principio Huygens.	2	P, O, I	3
Interpreta os fenómenos de interferencia e a difracción a partir do principio de Huygens.	2	P, O, I	3
Experimenta e xustifica o comportamento da luz ao cambiar de medio, aplicando a lei de Snell, coñecidos os índices de refracción.	2	P, O, I	3
Obtén o coeficiente de refracción dun medio a partir do ángulo formado pola onda reflectida e refractada.	2	P, O, I	3
Considera o fenómeno de reflexión total como o principio físico subxacente á propagación da luz nas fibras ópticas e a súa relevancia nas telecomunicacións.	2	P, O, I	3
Recoñece situacións cotiás nas que se produce o efecto Doppler, e xustifícaaas de forma cualitativa.	2	P, O, I	3
Identifica a relación logarítmica entre o nivel de intensidade sonora en decibels e a intensidade do son, aplicándoa a casos sinxelos.	2	P, O, I	3
Relaciona a velocidade de propagación do son coas características do medio en que se propaga.	2	P, O, I	3
Analiza a intensidade das fontes de son da vida cotiá e clasifícaaas como contaminantes e non contaminantes.	2	P, O, I	3
Coñece e explica algunhas aplicacións tecnolóxicas das ondas sonoras, como a ecografía, o radar, o sonar, etc.	2	P, O, I	3

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (avaliación correspondente)	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao mínimo de consecución
Representa esquematicamente a propagación dunha onda electromagnética incluíndo os vectores do campo eléctrico e magnético.	2	P, O, I	3
Interpreta unha representación gráfica da propagación dunha onda electromagnética en termos dos campos eléctrico e magnético e da súa polarización.	2	P, O, I	3
Determina experimentalmente a polarización das ondas electromagnéticas a partir de experiencias sinxelas, utilizando obxectos empregados na vida cotiá.	2	P, O, I	3
Clasifica casos concretos de ondas electromagnéticas presentes na vida cotiá en función da súa lonxitude de onda e a súa enerxía.	2	P, O, I	3
Xustifica a cor dun obxecto en función da luz absorbida e reflectida.	3	P, O, I	3
Analiza os efectos de refracción, difracción e interferencia en casos prácticos sinxelos.	3	P, O, I	3
Establece a natureza e as características dunha onda electromagnética dada a súa situación no espectro.	3	P, O, I	3
Relaciona a enerxía dunha onda electromagnética coa súa frecuencia, a lonxitude de onda e a velocidade da luz no baleiro.	3	P, O, I	3
Recoñece aplicacións tecnolóxicas de diferentes tipos de radiacións, nomeadamente infravermella, ultravioleta e microondas.	3	P, O, I	3
Analiza o efecto dos tipos de radiación sobre a biosfera en xeral, e sobre a vida humana en particular.	3	P, O, I	3
Deseña un circuíto eléctrico sinxelo capaz de xerar ondas electromagnéticas, formado por un xerador, unha bobina e un condensador, e describe o seu funcionamento.	3	P, O, I	3

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (avaliación correspondente)	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao mínimo de consecución
Explica esquematicamente o funcionamento de dispositivos de almacenamento e transmisión da información.	3	P, O, I	3
Explica procesos cotiáns a través das leis da óptica xeométrica.	3	P, O, I	3
Demostra experimentalmente e graficamente a propagación rectilínea da luz mediante un xogo de prismas que conduzan un feixe de luz desde o emisor ata unha pantalla.	3	P, O, I	3
Obtén o tamaño, a posición e a natureza da imaxe dun obxecto producida por un espello plano e unha lente delgada, realizando o trazado de raios e aplicando as ecuacións correspondentes.	3	P, O, I	3
Xustifica os principais defectos ópticos do ollo humano (miopía, hipermetropía, presbicia e astigmatismo), empregando para iso un diagrama de raios.	3	P, O, I	3
. Establece o tipo e disposición dos elementos empregados nos principais instrumentos ópticos, tales como lupa, microscopio, telescopio e cámara fotográfica, realizando o correspondente trazado de raios.	3	P, O, I	3
Analiza as aplicacións da lupa, o microscopio, o telescopio e a cámara fotográfica, considerando as variacións que experimenta a imaxe respecto ao obxecto.	3	P, O, I	3
Explica o papel do éter no desenvolvemento da teoría especial da relatividade.	3	P, O, I	3
Reproduce esquematicamente o experimento de Michelson-Morley, así como os cálculos asociados sobre a velocidade da luz, e analiza as consecuencias que se derivaron.	3	P, O, I	3

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (avaliación correspondente)	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao mínimo de consecución
Calcula a dilatación do tempo que experimenta un observador cando se despraza a velocidades próximas ás da luz con respecto a un sistema de referencia dado, aplicando as transformacións de Lorentz.	3	P, O, I	3
Determina a contracción que experimenta un obxecto cando se atopa nun sistema que se despraza a velocidades próximas ás da luz con respecto a un sistema de referencia dado, aplicando as transformacións de Lorentz.	3	P, O, I	3
Discute os postulados e os aparentes paradoxos asociados á teoría especial da relatividade e a súa evidencia experimental.	3	P, O, I	3
Expresa a relación entre a masa en repouso dun corpo e a súa velocidade coa enerxía deste a partir da masa relativista.	3	P, O, I	3
.Explica as limitacións da Física clásica ao enfrontarse a determinados feitos físicos, como a radiación do corpo negro, o efecto fotoeléctrico ou os espectros atómicos.	3	P, O, I	3
Relaciona a lonxitude de onda e a frecuencia da radiación absorbida ou emitida por un átomo coa enerxía dos niveis atómicos involucrados.	3	P, O, I	3
Compara a predición clásica do efecto fotoeléctrico coa explicación cuántica postulada por Einstein, e realiza cálculos relacionados co traballo de extracción e a enerxía cinética dos fotoelectróns.	3	P, O, I	3
Interpreta espectros sinxelos, relacionándoos coa composición da materia.	3	P, O, I	3
Determina as lonxitudes de onda asociadas a partículas en movemento a diferentes escalas, extraendo conclusións acerca dos efectos cuánticos a escalas macroscópicas.	3	P, O, I	3

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (avaliación correspondente)	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao mínimo de consecución
Formula de xeito sinxelo o principio de indeterminación de Heisenberg e aplícao a casos concretos, como os orbitais atómicos.	3	P, O, I	3
Describe as principais características da radiación láser en comparación coa radiación térmica.	3	P, O, I	3
Asocia o láser coa natureza cuántica da materia e da luz, xustifica o seu funcionamento de xeito sinxelo e recoñece o seu papel na sociedade actual.	3	P, O, I	3
Describe os principais tipos de radioactividade incidindo nos seus efectos sobre o ser humano, así como as súas aplicacións médicas.	3	P, O, I	3
Obtén a actividade dunha mostra radioactiva aplicando a lei de desintegración e valora a utilidade dos datos obtidos para a datación de restos arqueolóxicos.	3	P, O, I	3
Realiza cálculos sinxelos relacionados coas magnitudes que interveñen nas desintegracións radioactivas.	3	P, O, I	3
Explica a secuencia de procesos dunha reacción en cadea, e extrae conclusións acerca da enerxía liberada.	3	P, O, I	3
Describe as aplicacións máis frecuentes da enerxía nuclear: produción de enerxía eléctrica, datación en arqueoloxía, radiacións ionizantes en medicina e fabricación de armas.	3	P, O, I	3
Analiza as vantaxes e os inconvenientes da fisión e a fusión nuclear, e xustifica a conveniencia do seu uso.	3	P, O, I	3
Compara as principais teorías de unificación establecendo as súas limitacións e o estado en que se atopan.	3	P, O, I	3
Establece unha comparación cuantitativa entre as catro interaccións fundamentais da natureza en función das enerxías involucradas.	3	P, O, I	3

Estándares de aprendizaxe	Temporalización (avaliación correspondente)	Procedementos e instrumentos de avaliación	Grao mínimo de consecución
Compara as principais características das catro interaccións fundamentais da natureza a partir dos procesos nos que estas se manifestan.	3	P, O, I	3
Xustifica a necesidade da existencia de novas partículas elementais no marco da unificación das interaccións.	3	P, O, I	3
Describe a estrutura atómica e nuclear a partir da súa composición en quarks e electróns, empregando o vocabulario específico da Física de quarks.	3	P, O, I	3
Caracteriza algunhas partículas fundamentais de especial interese, como os neutrinos e o bosón de Higgs, a partir dos procesos en que se presentan.	3	P, O, I	3
Relaciona as propiedades da materia e da antimateria coa teoría do Big Bang.	3	P, O, I	3
Explica a teoría do Big Bang e discute as evidencias experimentais en que se apoia, como son a radiación de fondo e o efecto Doppler relativista.	3	P, O, I	3
Presenta unha cronoloxía do universo en función da temperatura e das partículas que o formaban en cada período, discutindo a asimetría entre materia e antimateria.	3	P, O, I	3
Realiza e defende un estudo sobre as fronteiras da Física do século XXI.	3	I	3

9. Temporalización

Debemos indicar primeiramente que unha maior concreción pode atoparse no apartado 5 da programación de cada materia que fai referencia a cada un dos estándares avaliábeis.

Física e Química de segundo da ESO

Primeira avaliación	Unidades 1 e 2
Segunda avaliación	Unidade 3 e parte da unidade 4
Terceira avaliación	Parte da unidade 4 e a unidade 5

Física e Química de terceiro da ESO.

Primeira avaliación	Unidades 1, 2 e parte da unidade 3
Segunda avaliación	Parte da unidade 3 e as unidades 4 e 5
Terceira avaliación	Unidades 6, 7 e 8

Física e Química de cuarto da ESO

Primeira avaliación	1, 2 e 3
Segunda avaliación	1, 2 e 4
Terceira avaliación	1, 3 e 5

Ciencias Aplicadas Á Actividade Profesional de cuarto de ESO

Primeira avaliación	Unidades 1 e 2
Segunda avaliación	Unidades 2 e 3
Terceira avaliación	Unidade 4

Física e Química de primeiro de bacharelato.

Primeira avaliación	Unidades 1, 2, 3, 4 e 5
Segunda avaliación	Unidades 1, 6, 7, 8, 9 e 10
Terceira avaliación	Unidades 1, 11, 12, 13 e 14

Química de segundo de bacharelato.

Primeira avaliación	Unidades 1 e parte da 3
Segunda avaliación	Unidades 1 remate da 3 e parte de 2.
Terceira avaliación	Unidades 1, parte de 2 e 4

Física de segundo de bacharelato.

Primeira avaliación	Unidades 1, 2 e 3
Segunda avaliación	Unidad 1, 4 e 5
Terceira avaliación	Unidades 1, 6 e 7

10. Concrecións metodolóxicas

A aprendizaxe concíbese como un cambio de esquemas conceptuais por parte de quen aprende. Pártese, pois, da aceptación de que os alumnos e as alumnas posúen esquemas previos de interpretación da realidade.

A organización dos contidos ten presente a propia natureza das materias como actividade constructiva e en permanente revisión.

Deste xeito, o que se aprende depende fundamentalmente do xa aprendido (coñecementos previos) e, por outro lado, quen aprende constrúe o significado do aprendido a partir da propia experiencia, é dicir, a partir da súa actividade cos contidos de aprendizaxe e coa súa aplicación a situacións familiares.

A organización dos contidos permitirá un estudio das materias coherente e articulado, ademáis as actitudes e valores, xunto cos temas transversais, descubrirán a dimensión ética dos contidos destas materias, derivando comportamentos que melloren as relacións humanas e o respecto ó medio ambiente, e estimulando o rigor metódico e crítico nos traballos propostos.

O proceso de ensinanza-aprendizaxe para as ciencias está formado por un conxunto de actividades incluídas nos ámbitos de contido, cada unha con finalidades didácticas diferentes. A súa aprendizaxe non é illada, senón que constitúe un todo coherente no que os diferentes contidos se complementan.

Ponse en práctica un proceso de traballo holístico, que permita usar os elementos didácticos compoñentes dunha unidade en diferentes situacións de aprendizaxe. Polo tanto, trátase de aplicar diferentes métodos:

- Inductivo: partir do particular e próximo ó alumno, para acabar no xeral, a través de conceptualizacións cada vez máis complexas
- Deductivo: partir do xeral, para concluír no particular, no próximo ó alumno
- Indagatorio: mediante a aplicación do método científico
- Activo: baseado na realización de actividades por parte do alumno
- Explicativo: baseado en estratexias de explicación
- Participativo: invitando ó debate
- Mixto: tendente a unir nunha mesma unidade didáctica a práctica de máis dun dos métodos anteriores.

11. Materiais e recursos didácticos

En relación aos libros de texto indícanse os libros utilizados nos distintos cursos e materias (en segundo de bacharelato e na materia de Ciencias Aplicadas Á Actividade Profesional de cuarto de ESO non se utilizan libros de texto):

Curso e materia	Título	Editorial	ISBN
• Física e Química 2º ESO (non bilingüe)	Física y Química. Proyecto savia	SM	9788467586817
• Física e Química 2º ESO (bilingüe)	Physics and Chemistry Secondary 2	Mc Graw Hill	9788448608842
• Física e Química 3º ESO	Física y Química. Proyecto savia	SM	9788467576375
• Física e Química 4º ESO	Física y Química. Proyecto savia	SM	9788467586985
• Física e Química 1º Bacharelato	Física y Química. Proyecto savia	SM	9788467576511

Este curso 21-22 o alumnado de Física e Química de 2º de ESO seguirá o proxecto Edixgal. O total do alumnado de 2º de ESO está distribuído en 2 grupos que cursan a materia en sección bilingüe (Inglés) con un total de 36 alumnos, e un grupo Non Bilingüe con 27 alumnos.

Ao grupo Non Bilingüe no que se atopa alumnado algún alumnado con moitas dificultades, e tras a experiencia do curso pasado, a dirección do centro considerou que para poder atender a ampla diversidade de alumnado se fixera, nesta e noutras materias deste grupo un desdobre no que 8/9 alumnos recibirán clase nun desdobre con outro profesor da materia, adaptando o curriculum ás características moi particulares deste alumnado.

O departamento solicitou ao centro, os libros de física e química de 2º de ESO do fondo de libros, esos libros foron entregados ao alumnado para que os utilicen na casa e teñan un material físico adicional ao uso do edixgal.

Ao longo do curso e en función do que se estea a traballar se lles pode facer entrega doutros tipos de materiais entre os que incluímos revistas, periódicos, material de internet, etc.

Como recursos da materia dispoñemos de dous laboratorios: un de Física e outro de Química que utilizaremos cunha periodicidade que dependerá do avance da materia.

Disponse tamén de diverso material audiovisual.

Ademáis utilizarase material multimedia conseguido a través de Internet.

No respecto aos recursos multimedia, dispoñemos na aula dun ordenador e unha pizarra dixital e nos laboratorios disponse de proxector. Ademais, dispoñemos de dous ordenadores portátiles. Disponse tamén de conexión a internet tanto na aula como nos laboratorios.

Este curso debido á Covid 19 e para reducir a mobilidade do alumnado, seguimos co sistema de aula grupo.

12. Criterios sobre a avaliación e cualificación do alumnado

A avaliación será obtida do seguinte xeito:

- Nas materias de Física e Química de 2º, 3º e 4º de ESO, o 80% da cualificación final virá dada pola nota media ponderada en cada caso, dos exames, o 10% obteríase tendo en conta o traballo diario, a actitude e grao de participación nas actividades propostas onde se incluírían as prácticas de laboratorio (orde, limpeza, rigor...) e o 10 % considerando o caderno de clase, os informes sobre as prácticas e os traballos de investigación realizados. Para facer esta media, as probas teñen que ter unha nota maior ou igual a 3,5.

Este curso debemos modificar o método de traballo, por isto e xa desde inicio de curso traballamos coa aula virtual, creando como mínimo unha por curso e materia. Nela se irán incorporando os materiais de cada tema, así como as actividades (tarefas) que o alumnado debe entregar a través da aula.

- Con este formato en caso de que un alumno/a teña que quedar en casa por mor de enfermidade ou por protocolo, terá os materiais ao día e poderá seguir a marcha do curso. A través do sistema de mensaxes e do foro, poderá prantexar as dúbidas que lle poidan xurdir.
- Se o confinamento durara máis aló dunha semana se trataría de manter contacto co alumnado alomenos unha vez á semana a través do Cisco web.
- Se a situación afectara a todo un grupo, a dirección do centro arbitrará un horario na que cada profesor faría a súa clase co alumnado do grupo. Nese caso as tarefas suporían o 20% da nota.
- No caso de física e química de primeiro de bacharelato o 90 % virá determinado polos exames (o primeiro contará o 30 % e o segundo o 70% e incluírá a materia do primeiro exame). Hai que sacar un mínimo de 4,0 en cada exame para que se poda facer a media e o 10 % restante polos informes.

Dadas as características da materia, Física e Química, a primeira avaliación será dedicada a Química e a terceira a Física, no caso da segunda avaliación, o 50% da materia corresponde a Química e o 50% a Física. O primeiro exame será de química e o segundo só de Física para os que aprobaron o primeiro e global de avaliación para os que suspenderon o primeiro, neste caso a nota da avaliación será 50% cada parte.

- No caso de Física de segundo de bacharelato o 90% da nota virá determinada pola media dos exames (normalmente dous por avaliación) e o 10 % restante obterase polos informes das prácticas. Hai que sacar un mínimo dun 4 en cada exame para que se poda facer a media.
- No caso de química de segundo de bacharelato o 90 % virá determinado polos exames (o primeiro contará o 30 % e o segundo o 70% e incluírá a materia do primeiro exame). Hai que sacar un mínimo de 4 en cada exame para que se poda facer a media e o 10 % restante polos informes.
- Para a materia de Ciencias Aplicadas Á Actividade Profesional, o 50% da nota do alumnado obterase a partir do caderno de clase, dos informes de laboratorio, outros traballos e do proxecto final realizado. A actitude cara á materia, o comportamento na aula e cara ós compañeiros xunto co comportamento no laboratorio representará o 10%. Finalmente, o 40% restante virá proporcionado por unha proba escrita.

Para aprobar a avaliación, o alumnado debe obter unha nota igual ou superior a cinco sobre dez.

Aqueles alumnos que non aprobasen a avaliación, ademais das tarefas de reforzo que lles podan ser encomendadas, deberán realizar, no mes posterior a dita avaliación, unha proba de recuperación dos estándares tratados durante a mesma.

Neste curso a avaliación extraordinaria anticipábase en todos os niveis ao mes de xuño (orde de 19 de maio de 2021), isto fai que o final de curso (avaliación ordinaria) se anticipe no caso da ESO e primeiro de Bacharelato á primeira semana de xuño. Isto supón un adiamento de 3 semanas do final de curso.

As dúas semanas restantes antes de que se realicen as probas extraordinarias as adicaremos a repasar os contidos básicos que o alumnado debe conseguir para poder superar o curso.

Debido á necesidade de ter máis tempo para a realización de determinadas probas, estas poderanse realizar fóra do horario lectivo habitual do centro (nos distintos cursos de bacharelato).

Para todas as materias debemos indicar que se considerará clave o feito de manter as medidas de seguridade no laboratorio. O feito de por (ben intencionadamente ou ben por negligencia) en risco a propia seguridade ou a de outros membros da comunidade educativa será motivo para que o alumno non acade unha calificación posiva na materia correspondente.

13. Indicadores do logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Tal e como se indica no Decreto 86/2015 *O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións didácticas.* Estes indicadores de logro entendemos que poden plantexarse como unha serie de cuestións relacionadas con diversos aspectos:

Indicadores de logro	Grao de consecución		
	1	2	3
• A planificación das actividades foi a adecuada para o alumnado, tanto no número de ditas actividades como a súa dificultade			
• O nivel de motivación do alumnado foi o suficiente para que pudesen alcanzar os obxectivos propostos			
• Os materiais que se utilizaron foron convenientes para unha aprendizaxe significativa			
• Houbo unha coordinación tanto entre os membros do departamento como entre outros departamentos cuxas materias estean directamente relacionadas coas nosas			
• Conseguíronse mellorar as competencias básicas do alumnado			
• Atendeuse de forma adecuada á diversidade do alumnado			
• O seguimento do alumnado con materias pendentes foi o adecuado			
• A relación coas familias foi suficientemente fluida			
• Houbo un seguimento continuo e activo da programación inicial			
• Traballouse axeitadamente a transversalidade			
• Os procedementos, instrumentos e criterios de cualificación resultaron adecuados para medir o grado de consecución dos obxectivos propostos			

14. Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Realizaranse tres exames coincidindo co termo da cada avaliación. Farase media se a nota de cada parte non é inferior a 4,0 puntos. De non superar algún dos tres exames parciais o alumnado realizará un exame final en data que determinará xefatura de estudos. Os alumnos que aproben algún dos exames parciais so farán no exame final a parte correspondente ao exame suspenso. Procurarase que o alumnado teña un seguimento continuado, coa entrega de exercicios e as orientacións necesarias para que o alumnado teña a posibilidade de facer un traballo continuado da materia.

O alumnado coa materia de Física e Química pendente de segundo o terceiro da ESO recibirá un traballo periódico que deberá ir entregando ao profesorado. A presentación dos traballos encomendados en tempo, é condición indispensable para poder valoralos. Se a cualificación dos traballos encomendados ten unha nota superior a 6, a materia darase por recuperada con unha nota de 5. O alumnado que queira aspirar a unha nota superior, deberá facer a proba de recuperación

correspondente. O alumnado que non presente os traballos encomendados deberá facer a proba escrita correspondente.

Para o alumnado de 2º de Bacharelato coa materia pendente, se prepararán uns boletíns de recuperación, que deberán entregar dentro do prazo establecido, e realizarán unha proba de recuperación de Química a finais de decembro, de Física a finais de marzo.

O alumnado que non superara algún dos exames fará o exame final da materia no mes de abril en data que publicará xefatura de estudos.

15. Procedementos para acreditar os coñecementos previos.

Para ser avaliado nas materias de Química e Física de segundo de bachelato será preciso acreditar os coñecementos previos. Esta acreditación poderá realizarse cursando e aprobando a materia de física e química de primeiro ou superando unha proba específica elaborada polo departamento que basearase nos estándares de aprendizaxe incluídos na materia de física e química de primeiro de bacharelato. O departamento poderá permitir dita avaliación ao alumnado que non cumpla os requisitos anteriores atendendo á particularidade de cada caso.

16. Avaliación inicial.

A avaliación inicial ten por obxecto caracterizar o mellor posible as condicións nas que se atopa o alumnado ao comezo do proceso de ensino – aprendizaxe. Dita avaliación deberá realizarse ao comezo de dito proceso, para así poder verificar a adecuación do mesmo ás características e necesidades educativas do alumnado e realizar as melloras adecuadas na docencia, con un carácter continuo e formativo.

Os aspectos a avaliar deben comprender: os coñecementos previos, as características e circunstancias persoais, as aptitudes e a actitude.

Propoñemos a realización de probas escritas que partan dos mínimos que o alumno debeu adquirir ao finalizar o curso anterior. Cada cuestión terá en conta os parámetros concretos que pretende medir, as operacións cognitivas e as competencias curriculares do alumno.

O anterior non limita que debamos tamén ter en conta outros aspectos do alumnado, tales como: o historial académico de cada alumno ou alumna, o entorno familiar, social e cultural, os seus intereses e motivacións, os seus estilos de aprendizaxe, as habilidades sociais que son capaces de desenvolver os seus hábitos de traballo e estudo, os seus tempos de ocio, etc. O feito de realizar unha xuntanza de todo o equipo docente ao pouco do comezo da actividade lectiva axudará a ter esta visión global de cada alumno. Ademais das medidas individuais que se tome con cada alumno (explicadas no apartado “medidas de atención á diversidade”) proporanse as medidas organizativas

que aprobará o equipo avaliador correspondente.

17. Medidas de atención á diversidade.

Entendemos por diversidade, a variedade non só de aptitudes ou capacidade dos alumnos e alumnas, senón tamén a variedade de situacións familiares, sociais e de intereses e expectativas. Atender á diversidade é un conxunto de decisións que permitan que todos os alumnos e alumnas estean en condicións de desenvolver as súas capacidades ao máximo, e polo tanto que todos teñan as mesmas oportunidades.

A atención á diversidade é un principio fundamental no ensino, así deberanse por os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional.

Para atender á diversidade de niveis de coñecemento e de posibilidades de aprendizaxe do alumnado do grupo, e obviando nesta programación as medidas organizativas de carácter xeral, proporase:

- Utilizar materiais e recursos variados, hai que ter en conta que a atención personalizada é difícil de realizar nunha clase debemos de ter coidado de non deixar desatendido a unha parte do alumnado
- Partir dos contidos e procedemento básicos e ir aumentando o grao de complexidade dos problemas tratados
- Realización en cada unidade de novas actividades, diferenciadas entre as de ampliación e as de reforzo, que polo seu propio carácter dependen da aprendizaxe do alumnado para decidir cales e en que momento se van desenvolver

18. Elementos transversais.

Tal e como se nos indica no decreto 86/2015 a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional deben ser traballadas en todas as materia, do mesmo xeito se deberá fomentar o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra personas con discapacidade, así como os valores que sustentan a liberdade, a xustiza e a igualdade.

No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

Seguindo estas directrices podemos presentar o traballo científico como exemplo da igualdade entre sexos, indicando científicos y científicas importantes ao longo do tempo, así como o fomento do espírito emprendedor con exemplos de científicos que tiveron unha grande relevancia no mundo económico.

Os contidos relacionados co átomo poden utilizarse para introducir o concepto da enerxía por fisión, unha utilización pacífica da enerxía atómica.

Os contidos relacionados coa cinemática utilizaranse para a educación e seguridade viaria, facendo fincapé na importancia de ter unha condución responsable.

A Física e Química contibuen á comprensión lectora, oral e escrita xa que son concebidas como áreas de expresión que utilizan continuamente estes ámbitos na formulación e expresión das ideas. Por elo, en todas as relacións de ensino e aprendizaxe da Física e a Química e, en particular, na resolución de problemas adquire especial importancia a expresión tanto oral como escrita dos procesos realizados e dos razoamentos seguidos, xa que axudan a formalizar o pensamento.

O alumnado utilizará as tecnoloxías da información e da comunicación para facer pequenos traballos de investigación, busca de información, traballar con simulacións, etc. Tamén serán utilizadas para ilustrar algún tema substituindo ou complementando o que se explica na clase con un elemento multimedia do tema.

19. Actividades complementarias e extraescolares.

Somos partidarios da realización de actividades complementarias dentro do propio centro: preparacións de exposicións de traballos realizados ao longo do ano, actividades científicas para todos, conferencias científicas, etc. Isto non conleva necesariamente que non se fagan actividades complementarias que supoñan saír do centro, sempre e cando se considere que a actividade teña interese para o alumnado.

Se se considera interesante outra actividade que poda xurdir ao longo do curso, levarase a cabo.

20. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación.

Do mesmo xeito que fixemos anteriormente podemos plantexar unha serie de cuestións que nos permitan avaliar a programación e, de seren o caso modificar os aspectos que sexan necesarios. Así mesmo débese indicar que poderanse facer modificacións puntuais de algún aspecto da programación (informando ao alumnado convenientemente de ditas modificacións) se a dinámica do curso así o require.

Aspectos a analizar respecto a la revisión, evaluación y modificación de la programación didáctica	Grao de consecución		
	1	2	3
• Consegúronse desenvolver todas as unidades de programación			
• O grao mínimo de consecución dos estándares avaliados e a súa ponderación resultou axeitada			
• As actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes resultaron apropiadas			
• A temporalización das unidades de programación coincidiu coa realizada na práctica docente			
• Os indicadores de logro para o proceso de ensino e da práctica docente estiveron ben definidos			
• A programación didáctica resultou un referente de utilidade para a práctica educativa			

21. Bacharelato de excelencia (STEM)

Desde o curso 18-19, o centro participa no programa de excelencia para alumnado de bacharelato (STEM), desde entón dúas promocións culminaron os seus traballos baixo a supervisión dos profesores tutores do centro e profesorado titor da universidade.

O alumnado participante ten un traballo adicional con proceso de investigación e con unha materia extracurricular que se imparte un día a semana pola tarde.

O profesorado do departamento está implicado na tutorización de varios alumnos tanto en 1º como en 2º de Bacharelato.

Por este traballo, no horario lectivo do profesorado se computa unha hora semanal dedicado as actividades docentes e de participación nas diferentes actividades extraescolares que a participación no programa conleva. A hora dedicada ao STEM impártese os mércores pola tarde.

22. Profesorado do Departamento

O departamento está constituído por tres profesores con destino definitivo.

Cándido Carrera Vázquez: (responsable do Edixgal e mantemento de equipos informáticos)

Imparte: 2 grupos de Física de 2º Bac. (8 h)

2 grupos de Física e Química de 2º ESO (S. Bil) (6 h)

1 grupo de desdobre de Física e Química 2º ESO (3 h)

Titor de STEM.

María Méndez Pérez: (responsable do alumnado pendente de Física e Química)

Imparte: 2 grupos de Química de 2º Bac (8 h)

2 grupos de Física e Química 4º ESO (6 h)

2 grupos de Física e Química de 3º ESO (4 h)

Titira de STEM.

María Olga Ferro Lorenzo: (Xefa de Departamento)

Imparte: 3 grupos de Física e Química de 1º Bac (12 h)

1 grupo de Física e Química 3º ESO (Aplicadas) (2 h)

1 grupo de Física e Química 2º ESO (3 h)

Titira de STEM.

Debido á falta de horario lectivo, a materia de Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional de 4º de ESO (3 h) neste curso será impartido pola profesora do departamento de Bioloxía e Xeoloxía, Cristina Romero.

A falta de horario do profesorado fai que non podamos contemplar ningunha hora para desdobres de laboratorio. Aínda que os grupos non son moi numerosos, o de maior número a día de hoxe é de 22 alumnos en 1º de Bacharelato e de 26 en 3º de ESO, en condición normais nos laboratorios poden entrar 16 alumnos este curso coas restriccións de distancia podería haber un máximo de 12, isto fai case que imposible realizar actividades no laboratorio na maioría dos grupos. Na medida en que nos sexa posible utilizaremos algunha hora libre para facilitar os desdobres dos grupos para poder facer algunhas prácticas en todos os cursos.

En Vigo a 24 de setembro de 2021.